



PROXECTO EDUCATIVO
CEIP PLURILINGÜE ALBORADA
CURSO 23/24-26/27

EQUIPA DIRECTIVA
Ceip.alborada@edu.xunta.gal

PROXECTO EDUCATIVO CEIP PLURILINGÜE ALBORADA



EQUIPA DIRECTIVA CEIP Plurilingüe ALBORADA

Curso 23/24 -Curso26/27

ceipalborada@edu.xunta.gal

INDICE

1. INTRODUCCIÓN	3
Marco legal.....	4
2. ANÁLISIS DO CONTEXTO. ESCOLAR.....	7
• Datos identificativos do centro	
• Descrición das instalación	
3. SERVIZOS E RELACIÓNS COAS FAMILIAS E INSTITUCIÓNS.....	9
• Servizos	
• Relacións coas familias e institución	
• Emprego das instalación do centro por outras entidades	
4. CARACTERÍSTICAS ESTRUTURAIAS DO CENTRO.....	11
• Dependencias e espazos	
• Equipamento	
5. CARACTERÍSTICAS ACADÉMICAS.....	14
• Criterios de agrupamento	
• Unidades do centro	
• Profesorado	
6. SINAIS DE IDENTIDADE.....	16
7. OBXECTIVOS DE CENTRO.....	21
• Ámbito pedagógico	
• Ámbito humano	
• Ámbito institucional	
• Ámbito administrativo	
8. CONCRECIÓN CURRICULAR.....	26
• Adecuación dos obxectivos de etapa	
• Distribución horaria das materias	
• Idioma de impartación das materias	
• Contribución das áreas á consecución das competencias clave	
• Metodoloxía xeral	
• Educación en valores	
• Liñas xerais de atención á diversidade	

- Avaliación

9. ORGANIZACIÓN DO CENTRO.....	78
• Órganos de goberno	
• ANPA	
• Documentos de Planificación	
• Dinamización e outras función docentes	
• Servizos complementarios	
• Actividades extraescolares	
10. AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PEC.....	80
11. ANEXOS :DOCUMENTOS DE REFERENCIA	

1.-Introdución

A nosa Comunidade Educativa defende unha educación baseada na aprendizaxe significativa onde o alumnado poida participar activamente no proceso ensino-aprendizaxe sendo o equipo docente un creador de situacións de aprendizaxe que contribúan a formar alumnado competente e crítico .

Entendemos que debemos favorecer o proceso creativo dos nosos nenos e nenas procurando poñer a súa disposición todos os recursos dispoñibles para acadar unha evolución positiva durante esta etapa educativa e asentando as bases para un progreso de cara ao futuro.

O equipo docente deberá ser un referente para o alumnado tanto na parte académica como no seu desenvolvemento emocional. Debemos acompañar no proceso de crecemento ofrecendo diálogo e escoita activa buscando favorecer o benestar físico e mental do noso alumnado.

As nosas sinais de identidade reflexan os valores que defendemos e que intentaremos ter presentes durante o tempo que compartiremos co noso alumnado.

EQUIDADE –DIVERSIDADE

EMPATÍA – SOLIDARIDADE

ACOMPÑAMENTO -COOPERACIÓN

ECOEDUCACIÓN

SAÚDE FÍSICA-MENTAL

Marco legal

No artigo 121 da LOE e tendo en conta as modificacións introducidas nese artigo pola LOMCE, establécese que os centros deberán elaborar un PROXECTO EDUCATIVO seguindo as seguintes directrices:

A equipa directiva elaborará o PE partindo das características de situación, contorno, alumnado e profesorado do centro, tendo en conta as propostas de concrecións curriculares aprobadas polo Claustro. Posteriormente será aprobado pola dirección do centro.

Unha copia do PE quedará na secretaría a disposición de toda a Comunidade Educativa, outro exemplar entregaráse á ANPA e un terceiro remitirase á Inspección Educativa.

Os apartados que se incluírán no PEC serán os seguintes:

- Análise do contexto.
- Obxectivos do centro.
- Fins e intencións educativas.
- Oferta educativa.
- Organización xeral.
- Concreción curricular.
- Proxectos e Plans nos que participa o centro.
- Relacións coas familias e institucións.
- Documentos de referencia do centro.

O Consello Escolar avaliará os seguintes proxectos e normas aos que se refire o capítulo II do título V da LOE sendo a dirección do centro a responsable da súa aprobación.

- Proxecto educativo.
- Proxecto de xestión.
- Plan de Acolida
- Plan de Igualdade

- Plan Dixital
- Plan de Benestar
- Plan de Comunicación
- Plan de Atención a Diversidade
- Plan de Convivencia
- Plan PLAMBE e lector
- Plan de Actividades complementarias
- Plan Plurilingüísimo
- Normas de organización e funcionamento.
- Programación Xeral Anual.
- Memoria Anual

A inspección educativa será a responsable da supervisión e o control dos programas que inciden nos centros, comprobando a súa adecuación ao establecido na lexislación vixente.

A normativa a ter en conta á hora da elaboración do Proxecto Educativo é a seguinte:

- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE do 30 de decembro de 2020). Corrección de erros no BOE do 23 de febreiro de 2021.
- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE del 4 de maio de 2006)
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 8 de setembro do 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

-
- Decreto 150/2022 do 8 setembro, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real decreto 95/2022, do 1 de febreiro, por el que se establece la ordenación y las enseñanzas mínimas de la educación infantil.
- Real decreto 157/2022, do 1 de marzo, por el que se establecen la ordenación y las enseñanzas mínimas de la educación primaria.
- Decreto 155/2022 do 15 setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da consellería de educación e Ordenación Universitaria.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non Universitario de Galicia.
- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan os centros plurilingües na comunidade autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros a rede de centros plurilingües de Galicia.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 25 de xuño de 2009, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Orde do 25 de Xaneiro 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de la educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. A cal regulaba o Real Decreto 984/2021 de 16 de novembro pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 26 de maio de 2022, da secretaria xeral de educación e formación profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.

Este documento marca a personalidade do centro e servirá de base para a elaboración das diferentes programacións. Así mesmo, complétase con outros documentos de xestión que se relacionan no derradeiro epígrafe.

2.-Análise do contexto escolar

- **Datos identificativos do centro**

O CEIP Plurilingüe Alborada está situado na zona sur-leste de A Coruña dentro do casco urbano, nun lugar despexado e afastado de focos de ruído e contaminación. Ubicado na cidade da Coruña, basicamente poboado por familias de clase media e media-baixa que se concentran en bloques de vivendas, moitas delas a carón do propio centro escolar.

Funcionan tres liñas de transporte escolar que recollen a alumnos/as da zona de influencia do Centro.

Cabe destacar a asistencia de alumnos/as, procedentes de familias de etnia xitana que viven a maioría nas inmediacións do colexio. Así mesmo, hai que sinalar que o

alumnado estranxeiro representan 10% do alumnado cunha incorporación habitualmente iniciado o curso escolar.

- **Descrición das instalacións**

O CEIP Plurilingüe Alborada, situado no polígono de Elviña, 2ª fase, Rúa San José de Calasanz, nº5 da cidade de A Coruña, acolle a niveis educativos de Educación Infantil e Primaria.

O edificio consta de catro plantas, formado por unha planta soto, planta principal e dous andares. O recinto exterior ten un patio dividido en dúas zonas, unha para Educación Infantil e outra para Educación Primaria; ademais consta de dúas pistas de usos múltiples e pequenas zonas axardinadas, polo que conta con patio de recreo moi amplo, ben coidado e acondicionado.

Na planta soto, atópase o patio cuberto, o ximnasio, aseos, comedor, sala de usos múltiples e o local da ANPA.

Na planta baixa están as dependencias administrativas, a sala de profesores/as, o Departamento de Orientación, a aula de informática, e os espazos de Educación Infantil

- Biblioteca de Infantil
- Aula de psicomotricidade
- Aula de Experiencias
- Aula de vida cotiá
- Aulas titorías de Educación Infantil

No primeiro andar atópanse :

- As aulas-titorías de 1º ciclo e 2º Ciclo de primaria
- Unha aula de PT
- Unha aula de AL ,
- Biblioteca de Primaria

- Aula 1 de Inglés
- Ludoteca(uso anexo a biblioteca)
- Aula de desenvolvemento Matemático-Científico
- Aula de desenvolvementoLingüístico

No segundo andar están :

- Aulas de titorías de 3º ciclo
- Aulas de PT
- Aula de AL
- Aula Polos Creativos 1 – Robótica e audiovisuais
- Aula de Polos Creativos 2- Talleres
- Aula de Arte Plástica
- Aula de música
- Aula 2 de inglés e Departamento
- Aula de Ciencias

Na actualidade seguimos a acondicionar o Centro coa finalidade de facer un mellor aproveitamento dos espazos e de mellorar a estética.

3.-Servizos e relacións coas familias e institucións

- **Servizos**

Na actualidade o Centro dispón:

- Programa de madrugadores e de Comedor xestionados pola ANPA Alborada.
- Actividades extraescolares xestionadas tamén pola ANPA.
- Apertura de biblioteca de martes a venres en horario de 16 a 18 horas xestionado polo profesorado de garda do centro.

• **Relacións coas familias e institucións**

Este centro aposta por manter sempre as mellores relacións coas familias e as institucións con que se relaciona, buscando sempre a fluidez, o trato respectuoso, a colaboración e a participación en todas as actividades propostas.

Poñemos especial atención na relación coas familias, co noso centro de adscrición IES Elviña, con Centros Cívicos de referencia, coa ANPA e co Concello de A Coruña.

Relación coas familias

A cordialidade das relacións escola-familia e a confianza entre pais e nais e educadores son básicas en calquera etapa educativa.

A escola non pode nin debe pretender substituír á familia, senón compartir a responsabilidade de educar e instruír aos nenos e nenas. Canto máis se coñezan os educadores e as familias, máis se favorece o benestar dos rapaces.

A eficacia da educación ten que estar baseada nunha actuación coherente e de corresponsabilidade que guíe aos nenos e nenas nunha mesma dirección.

Para chegar a bo fin nesta tarefa compartida, existen dúas vías complementarias de participación:

- Implicación das familias no proceso educativo que conleve:
 - Un consenso familia-escola.
 - Unha comunicación fluída e constante.
- Consello Escolar, coa súa cooperación na organización do Centro. No que respecta á implicación das familias no proceso educativo, sabemos que esta comunicación é importante de cara ao éxito da actuación da escola polo cal os recursos e estratexias para conseguir este obxectivo serán:
- Reunións xerais nas que cada titor/a convoca a todas as familias do seu grupo para tratar temas de interese xeral: normas, horarios, obxectivos a conseguir en cada materia, saídas culturais, festividades a celebrar...
- Comunicación pola aplicación ABALAR

- Entrevistas individuais que deberán levarse a cabo nun ambiente relaxado e distendido. Servirán para afianzar as relacións familias-escola e para aportación de datos sobre:
 - o A situación socioambiental do neno/a.
 - o Datos persoais de saúde, relación con outros nenos/as, xogos preferidos, relación cos adultos, cos irmáns, cos pais (tempos que conviven con cada un deles).

Ademais das distintas posibilidades de contacto entre titores e familias, fíxanse uns horarios semanais presenciais de titorías e atención as familias que quedan establecidos todos os luns lectivos do curso entre as 17,00 h. e as 18,00 h.

Relación coa ANPA

As relacións coa ANPA son excelentes e a maior proba é o gran número de participantes en todas as actividades que organizan; sempre están abertos a colaborar coas actividades do colexio e nós a contar con ela.

A ANPA colabora, asiduamente, na preparación das actividades complementarias como festivais, graduacións, mercadillos,.....

No ámbito da organización, manteñen una estreita relación co profesorado levando as súas inxerencias ao Consello Escolar tanto por problemas de carácter pedagóxico como de conservación do edificio, material escolar...

Relación co centro de adscrición

O noso alumnado de 6º EP ao acabar a primaria dispón de Centro de adscrición o IES Elviña.

As relacións co noso centro de adscrición son totalmente cordiais e participamos, ao longo do curso, en múltiples actividades comúns organizadas a través dos centros ou a través do Concello.

A finais de curso visitamos o centro de adscrición co alumnado que se traslada ao mesmo, nunha xornada de acollida na que os alumnos/as visitan as instalacións e manteñen os primeiros contactos cos seus futuros compañeiros/as e docentes.

Relación co concello

- Colaboración para actividades complementarias: itinerarios culturais pola contorna, actividades deportivas, medioambientais, culturais....
- Convocatoria de concursos dirixidos aos escolares da zona.
- Organización de actividades-espectáculos culturais con motivo de distintas conmemoracións.
- Organización de actividades extraescolares nas que poden participar todos os alumnos do centro.

- **Emprego das instalación do centro por parte doutras entidades**

Este Centro está a disposición de toda a Comunidade Educativa ou de calquera asociación cultural que solicite formalmente algunha dependencia do mesmo, despois de acadar o correspondente permiso da Inspección e da Xefatura Territorial, responsabilizándose dos posibles danos, gastos e perxucios que se puidesen ocasionar no Centro, así como a responsabilidade civil derivada de calquera incidencia que tivese lugar durante o desenvolvemento das actividades realizadas.

4.-Características estruturais do centro

- **Dependencias e espazos**

PLANTAS	DEPENDENCIAS
Soto	<ul style="list-style-type: none"> • Comedor. • Baños. • Ximnasio. • Salón de actos. • Cuarto de almacenaxe. • Despacho da ANPA.
Baixa	<ul style="list-style-type: none"> • Vivenda do conserxe: usada como almacén de material escolar. • Despacho de dirección e xefatura. • Despacho de secretaría. • Despacho d administrativa. • Sala de profesorado. • Servizos para profesorado. • Biblioteca infantil. • Oficina do Conserxe. • Cuarto de fotocopiadoras. • Baños alumnado. • Despacho de Orientación.

	<ul style="list-style-type: none"> 8 aulas de Educación Infantil.
Primeira	<ul style="list-style-type: none"> Biblioteca de Educación Primaria. Unha titoría. Aula de PT/AL. 12 aulas de Educación Primaria. Baños alumnado.
Segunda	<ul style="list-style-type: none"> Aula de música. Aula de plástica. Aula de talleres . Aula Inglés. Departamento de Inglés. 2 aula de PT / AL. 6 aulas de Educación Primaria. Baños alumnado. Desván destinado a almacenaxe.
No exterior	<ul style="list-style-type: none"> Patio descuberto dividido en dous: infantil e primaria. Patio cuberto. Dúas pistas deportivas.
Outras instalacións	<ul style="list-style-type: none"> Polideportivo compartido co IES Elviña.

- Equipamento: Material descrito no informe de inventario(aplicación XADE)**

Departamento	Equipamento
Educación Física	<ul style="list-style-type: none"> Dispoñemos dun patio de recreo que conta cun campo de fútbol, un campo de fútbol, un minicampo de basquetbol e un patio cuberto. Contamos cun ximnasio con duchas e un pequeno almacén para o material deportivo no que atopamos: pelotas de diferentes tipos, balóns de basquetbol, fútbol, volea, balonmán, balóns medicinais, aros de distintos tamaños, cordas, picas, ladrillos... O ximnasio conta con espaldeiras, bancos suecos, colchonetas de axilidade..... Este espazo é utilizado tamén durante o mal tempo para actividades de patio dinámico. Nas inmediacións do centro escolar contamos cun polideportivo de titularidade municipal que empregamos oordinados co IES Elviña. Material descrito no informe de inventario(aplicación XADE)
Audiovisuais	<ul style="list-style-type: none"> Material descrito no informe de inventario(aplicación XADE)
Música	<ul style="list-style-type: none"> Material descrito no informe de inventario(aplicación XADE)

	•
Informática	• Material descrito no informe de inventario(aplicación XADE)

5.-Características académicas

• Unidades do centro e alumnado

O Centro según catálogo , está configurado como Liña 2 de 18 unidades creadas das cales 6 son de Educación Infantil e 12 de Educación Primaria.

Este unidades varían en función das necesidades de escolarización podendo darse o caso nalgúns niveis de funcionar como liña 3 ou como na actualidade funcionar como liña 1 nalgúns cursos de E.I.

O número actual de alumnado é de 382 nenos e nenas.

Contamos con alumnado de NEAE.

Ao longo do curso soemos ter novas incorporacións.

• Criterios de agrupamento

Estes criterios establecidos son os seguintes:

- Alumnado permanecerá no mesmo grupo durante a etapa de Educación Infantil.
- Alumnado permanecerá no mesmo grupo durante o mesmo ciclo:
 - 1º ciclo(niveis 1º-2º)
 - 2ºciclo (niveis 3º-4º)
 - 3º ciclo (niveis 5º-6º)
- A xefa de estudos reunirase co EQUIPO DOCENTE DE 6º E.I e o Orientador para decidir os grupos de alumnado de 1ºCiclo
- A xefa de estudos reunirase co EQUIPO DOCENTE DE 1º Ciclo e o Orientador para decidir os grupos de alumnado de 2º Ciclo
- A xefa de estudos reunirase co EQUIPO DOCENTE DE 2º Ciclo e o Orientador para decidir os grupos de alumnado de 3ºCiclo.

- Respetarase o criterio de igualdade de número de nenos e nenas.
- Respetarase o criterio de diversidade académica, cultural e social.
- Respetarase o criterio dos pais-nais-titores no caso de xemelgos, trillizos...previa escoita do informe do Departamento.

Unidades do centro e alumnado

- O horario lectivo do Centro é de **9.00 a 14.00 horas**.
- Abriranse ás portas as 08.50 horas e pecharanse as 14.10 horas.
- Todos os luns de 17.00 a 18.00 horas realizaranse tarefas de carácter titorial e atención as familias.
- Os luns no horario de 16.00 a 17.00 horas e de 18.00 a 19.00 horas terán lugar as reunións de traballo do profesorado.

- **Profesorado**

O Centro ten a xornada en sesión única, de 9 a 14 horas, salvo o período de adaptación de Educación Infantil.

A xornada semanal do persoal funcionario docente e persoal laboral que imparte as ensinanzas de educación infantil, educación primaria e educación especial é de trinta e sete horas e media, das cales trinta horas dedicaranse ás actividades do centro con presenza no Centro. Das ditas horas, 25 teñen carácter lectivo.

As outras 5 restantes ata as 30 horas fixéronse fora do horario lectivo,

Luns de 16 a 19 horas	
16 a 17 horas	reunións de equipos de ciclo, departamento,...
17 a 18 horas	titorías pais/nais
18 a 19 horas	participación en órganos colexiados e reunión para a elaboración ou modificación de documentos de planificación e para a súa avaliación
Outro día da semana a elixir realízase permanencia de 2 horas (gardas, formación ou traballo aulas)	

O resto da xornada semanal -sete horas e media- de non obrigada permanencia no centro, destinaranse ao perfeccionamento e á formación, á preparación de actividades docentes e á atención doutras actividades inherentes á función docente.

O centro dispón por catálogo unha plantilla de:

- Orientador.
- Unha especialista de A.L. e outra compartida.
- Unha especialista en PT e outra compartida.
- Unha especialista en Música
- Dous especialistas de E.F.
- Dous especialistas de inglés.
- Unha especialista en francés.
- Doce mestres e mestras de E.P.
- 6 mestras de E.I.
- Unha especialista en relixión católica(compartida) e outra en relixión evanxélica(compartida)
- Provisionais de E.P., inglés e PT que cobren as necesidades do centro para un correcto funcionamento .

6.-Sinais de identidade

EQUIDADE -DIVERSIDADE
EMPATÍA - SOLIDARIDADE

ACOMPAÑAMENTO-COOPERACIÓN ECOEDUCACIÓN SAÚDE FÍSICA-MENTAL

- **Equidade-Igualdade de oportunidades**

Un centro de carácter público e comprometido coa educación de calidade ten que garantir a igualdade de oportunidades para todo o alumnado. Deberán adoptarse as medidas educativas oportunas para que isto suceda, tanto no eixo da igualdade de xénero como no de minimizar as diferenzas socio-económicas entre o alumnado.

É importante a presenza da Equidade tomada esta como a axuda necesaria para o progreso do noso alumnado cara a súa mellora

- **Deseño Universal de Aprendizaxe. (DUA)**

Unha metodoloxía cunha mirada diferente onde o alumnado encontra unha variedade de opcións que se adaptan as diferentes necesidades e ritmos de aprendizaxe. O DUA baséase na utilización flexible de metodoloxías e materiais que facilite a participación e a interacción entre iguais.

- **A diversidade como identidade:**

Este é un valor fundamental que supón unha oportunidade polo que aporta tanto ao profesorado como ao alumnado. Temos que ser quen de aproveitar as vivencias e valorar a sensibilidade, a empatía, o respecto e as aprendizaxes que se derivan da inclusión plena dos alumnos/as.

Defendemos unha escola na que todos/as temos cabida, sexa cal sexa a nosa orixe, cultura, ideoloxía, relixión, situación familiar... Para construír un centro inmerso nunha sociedade diversa na que aprendemos día a día a convivir no respecto e a inclusión.

- **Respecto polas etapas evolutivas do alumnado:**

O desenvolvemento dos nenos-as debe respectarse e coñecer as características de cada unha das etapas evolutivas para non forzar e adiantar aprendizaxes antes de que os nenos/as estean preparados para afrontalas e igualmente debese potenciar este avance cando así o aconselle o potencial do alumnado

- **Lugar de aprendizaxe para todas e todos:**

Un valor fundamental debe ser a formación continua. O profesorado terá a oportunidade de formarse no propio centro a través de dinámicas formativas e de PFPP.

As familias non están excluídas deste apartado, xa que tamén poden demandar formación a nivel colectivo (escola de pais, docencias en distintas etapas sobre temas concretos) ou de xeito individual (asesoramento sobre pautas/normas, sobre dificultades específicas...).

Dende o centro aportarase documentación explicativa de distintos aspectos pedagóxicos que se consideren relevantes

- **Conciencia sobre o medio ambiente e coidado da contorna**

A escola é un lugar idóneo para a adquisición de hábitos que sexan respectuosos co medio ambiente. A conciencia sobre o consumo enerxético, o emprego de determinados materiais (en especial o plástico) serán tidos en conta no día a día da aula.

Levaremos a cabo diferentes actuacións relacionadas co coidado do medioambiente como limpeza de praias, campañas de sensibilización sobre ecosostibilidade.

Queremos ser tamén moi activos en materia de reciclaxe e recollida selectiva de lixo con recolectores específicos e empregando os residuos orgánicos para a zona de compostaxe que temos na horta escolar.

- **Arte e movemento:**

O valor das artes e o movemento ten un potencial para a educación que sobrepasa os límites das áreas de Educación Artística e Educación Física. Son elementos xeradores de aprendizaxe e que espertan emocións no alumnado ademais de favorecer a interrelación.

Para fomentar a creatividade e a concienciación das expresións artísticas debemos ofrecer aos nenos/as unha rica e variada gama de manifestacións culturais (concertos, actuacións teatrais, exposicións, danza, música...) e que en determinadas ocasións tamén eles sexan protagonistas de tales expresións artísticas para elo seguiremos a traballar nun proxecto de Arte vertebrador para todo o centro dirixido pola mestra de música e docente plurilingüe .

Actividade Física

Para fomentar o movemento seguiremos coa iniciativa posta xa en marcha da hora de FEF e a realización de rutas encamiñadas tanto ao coñecemento do entorno como ao contacto saudable coa natureza.

- **Hábitos saudables:**

O fomento da actividade física e dunha alimentación saudable a través do traballo na horta escolar e do programa merendas saudables busca que o noso alumnado interiorice o valor duns hábitos saudables de alimentación favorecidos por campañas de froita e obradoiros coordinados pola responsable do horto escolar.

Seguiremos coas recomendacións na guía das merendas e iniciaremos as merendas colectivas de froita .

- **Saúde Emocional**

Conscientes da importancia dunha boa saúde emocional para o desenvolvemento pleno como persoas poñeremos en valor a figura da Coordinadora de Benestar e daremos cabida a unha formación continua sobre saúde mental e desenvolvemento emocional tanto a nivel alumnado como profesorado e familias

Importante sinalar que dentro do Plan de Convivencia incluiremos o Programa de Habilidades Sociais que consideramos necesario para o desenvolvemento social e a búsqueda da resolución positiva de conflitos

- **Acompañamento**

Todas e todos os integrantes da comunidade educativa deben ter a sensación de estar acompañados e acompañadas no desenvolvemento da vida educativa .

Unha compañía que aporte escoita activa e seguridade emocional e axude a medrar como persoas.

- **Cooperación**

Consideramos Importante fomentar o traballo cooperativo entendendo como tal unha actividade que busca a mellora persoal dentro do éxito do grupo . O alumnado, profesorado e familias deben sentirse valoradas dentro do grupo .

- **Responsabilidade tecnolóxica:**

É obvio que a educación debe ter moi presente a tecnoloxía, pero non debemos caer no uso excesivo e innecesario. É por iso que valoraremos positivamente o emprego da tecnoloxía, aproveitando todas as vantaxes que ofrece, pero sendo conscientes dos perigos dun uso poco apropiado da mesma (tanto a nivel físico en idades temperás como a nivel social en cursos máis altos).

No proxecto de educación dixital (incluído no PEC) concrétase polo miúdo todo o relacionado con este aspecto.

- **Participación e competencia cidadá:**

A escola pertence á comunidade educativa, todos os compoñentes dela deben sentila como súa por igual, é por iso que todas as opinións deben ser escoitadas e valoradas.

Neste sentido, a propia lei aporta un elemento fundamental para o desenvolvemento deste aspecto, como é o traballo cooperativo, onde a participación igualitaria e as distintas opinións son tidas en conta para chegar a unha postura común.

As familias poden facer as súas aportacións : a través da ANPA, a través dos representantes no consello escolar, ou comunicación directa co profesorado e coa Equipa Directiva.

Cremos que para un óptimo labor docente debemos propiciar desde o colexio, a corresponsabilidade coas familias no desenvolvemento integral de cada un dos nenos e nenas do centro a través da colaboración planificada con diferentes actividades que se levaran a cabo durante o curso:

- a. Participación en obradoiros
- b. Contos a carón da lareira
- c. Aprendemos de ti

- **Respecto polas expresións culturais (especialmente pola propia):**

Para fomentar o respecto pola nosa cultura seguiremos a aproximar ao alumnado a nosa terra realizando actividades que axuden a Comunidade Educativa a fortalecer o vínculo co noso idioma .

Favoreceremos o contacto con outras expresións culturais a través da presenza no noso centro de persoas ou organizacións referentes e da participación en programas Europeos como ERASMUS +, co fin de familiarizar ao alumnado con distintas realidades culturais.

- **Escola integrada no barrio:**

O colexio debe ser, unha referencia para o barrio. Isto implica que debe ser un centro aberto para que toda a comunidade educativa e que distintos colectivos da zona acudan a nós para levar a cabo as súas actividades . Neste sentido, as instalacións do centro estarán a disposición para o seu uso, sempre e cando as solicitudes sexan aprobadas polo consello escolar.

Por outro lado, a apertura tense que producir tamén dende o colexio cara o barrio, participando en actividades e colaborando con organizacións da contorna

Visitas ao mercado e proxectos de apoio á lectura axudaran a establecer lazos de cooperación .

- **Transparencia:**

As actuacións levadas a cabo no centro realizaranse baixo unha total e absoluta transparencia. A comunidade educativa terá dereito a acceder á información do centro coa finalidade de crear un clima de confianza en torno ás decisións que se tomen na escola.

Obxectivos xerais que queremos acadar co noso Proxecto Educativo

1. Calidade de educación para todo o alumnado
2. Equidade, que garanta a igualdade de oportunidades,
3. DUA como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais.
4. Inclusión educativa e a non discriminación
5. Empoderar ao alumnado co desenvolvemento da capacidade para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos , así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
6. Transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a competencia cidadá, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.

7. Formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade así como a adquisición de valores que propicien o respecto a natureza e o desenvolvemento sostible
8. Buscar unha aprendizaxe significativa permanente, que se desenvolva ao longo da etapa educativa.
9. Flexibilidade para adecuar os procedementos á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan a sociedade.
10. Orientación educativa as familias e profesorado a través do Departamento de Orientación que axude a unha formación que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores de todo o alumnado tendo especial atención no referente ao alumnado con diversidade cognitiva ou funcional.
11. Formar no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
12. Formar na adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
13. Formar para o correcto desenvolvemento en comunicación nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma e nunha lingua estranxeira.
14. Poñer en valor o esforzo individual e compartido e potenciar as actividades de motivación e cooperación
15. Participación da comunidade educativa na organización, goberno e funcionamento do centro.
16. Competencia emocional para a prevención de conflitos e para a súa resolución pacífica, así como a non- violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
17. Fomentar a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
18. Fomentar a innovación educativa.
19. Avaliar a programación e organización dos procesos de ensino e aprendizaxe

7.- Obxectivos a acadar nos distintos Ámbitos

● **Ámbito pedagóxico**

- Fomentar integralmente aos alumnos e alumnas, compensando as súas carencias a través dunha atención individualizada e unha avaliación continua e formativa.
- Formar ao alumnado en Competencia cidadá para a súa participación activa na vida social e cultural co coñecemento e vivencia dos dereitos e liberdades recoñecidos na Constitución
- Facilitar a adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como os recursos para acadar coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos.
- Formar no respecto á pluralidade lingüística e cultural.
- Desenvolver unha metodoloxía activa que garanta a participación do alumnado no proceso de ensino e aprendizaxe.
- Utilizar unha metodoloxía globalizadora partindo dos intereses e necesidades do alumnado. Desenvolver no alumnado as seguintes competencias:
 - Competencia en comunicación lingüística.
 - Competencia plurilingüe
 - Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía (STEM)
 - Competencia dixital.
 - Competencia persoal, social e de Aprender a aprender.
 - Competencia Cidadá
 - Competencia Emprendedora (e Sentido da iniciativa)
 - Competencia en conciencia e expresións culturais.

● **Ámbito humano**

- Desenvolver nos alumnos e alumnas actitudes para a convivencia democrática e para o exercicio responsable da liberdade.
- Desenvolver actitudes e hábitos de cooperación a través do traballo en equipo.
- Fomentar un comportamento tolerante e solidario en toda a comunidade educativa e de respecto a outras linguas e culturas
- **Educar para a paz e no desenvolvemento de resolución pacífica de conflitos.**
- Educar na Inclusión formando ao alumnado en igualdade eliminando estereotipos en relación aos roles do home e da muller na sociedade.
- Fomentar en toda a comunidade educativa actitudes de respecto e defensa do medio ambiente educando no consumo ecosostible.
- Desenvolver no alumnado hábitos e actitudes de respecto ás normas de educación viaria.
- Propiciar a autonomía do alumnado a través da adquisición de hábitos de estudio, orde e traballo.
- Fomentar os bos hábitos relacionados coa saúde para promover unha boa utilización do tempo de lecer promocionando a actividade física e a alimentación saudable.
- Desenvolver actividades que favorezan o desenvolvemento no alumnado da imaxinación, a orixinalidade e o espírito crítico.
- Proporcionar ao alumnado, as familias e ao profesorado a atención psicopedagóxica e a orientación educativa precisa. .
- Atender aos diferentes ritmos de aprendizaxe con especial atención aos alumnos con necesidades educativas especiais.
- Favorecer a socialización do alumnado creando dinámicas que permitan a interacción
- Promocionar o coñecemento das realidades educativas de distintos países comezando polas realidades mais cercanas como poden ser os países pertencentes a Unión Europea aproveitando os diferentes programas que posibilitan a colaboración tanto entre o profesorado coma entre estudantes.

• **Ámbito institucional**

- Impulsar e favorecer a participación do profesorado en actividades de formación permanente, fundamentalmente no propio centro.
- Potenciar a coordinación e o traballo en equipo do profesorado.
- Colaborar co concello nas actividades organizadas por este e dirixidas á formación do alumnado.
- Lograr que as administracións local e autonómica cumpran coas súas obrigas con respecto ás necesidades do centro.
- Democratizar o funcionamento do centro, fomentando e facilitando a participación de todos os sectores da comunidade educativa
- Implicar ás familias dos alumnos no proceso educativo e fomentar a súa participación na vida do centro.
- Fomentar a relación do centro co entorno social, económico e cultural.
- Establecer contactos e coordinar actuacións co IES ELVIÑA centro receptor dos alumnos.

• **Ámbito administrativo**

- Realizar unha xestión administrativa e económica eficaz e transparente.
- Lograr un sistema de comunicación áxil e eficaz entre toda a comunidade educativa.

• **Obxectivos de plurilingüísmo**

- Acadar que os alumnos do centro teñan unha competencia lingüística que lles permita comunicarse por un igual en lingua galega e castelá.
- Potenciar a valoración positiva do uso da lingua galega por parte da comunidade educativa e procurar a mellora na súa competencia
- Utilizar a lingua galega como lingua oficial nas relacións externas do centro: escritos, circulares, xestión administrativa...
- Mellorar a competencia lingüística nunha lingua estranxeira buscando que o alumnado adquiera un desenvolvemento óptimo a nivel oral e escrito

Como centro Plurilingüe ao remate da educación primaria o alumnado deberá

- Ter un dominio do galego e do castelán que lle permita comunicarse en ambas as dúas linguas por un igual. Así mesmo, fomentaremos unha valoración positiva da lingua galega así como o coñecemento da nosa cultura.
- Ter un coñecemento e fluidez básicos nun idioma estranxeiro potenciando o uso oral nos niveis máis baixos e reforzando este co uso escrito a medida que acadan a madurez lingüística axeitada

8.-Concreción curricular

1. A concreción curricular é o marco que establece o claustro de profesorado cos criterios e decisións para orientar o desenvolvemento do currículo por parte do profesorado e a coordinación interdisciplinar por parte dos órganos de coordinación didáctica para garantir a coherencia na actuación docente.

2. A concreción curricular dos centros docentes para as etapas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, incluírá, en función das etapas educativas ofertadas no centro, polo menos, os seguintes elementos:

- a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro.
- b) A contribución á adquisición das competencias.
- c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar elementos transversais.
- d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía.
- e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos.
- f) Os criterios de oferta educativa, agrupamentos en ámbitos, itinerarios e optatividade, de ser o caso.
- g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias.
- h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso.

- i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso.
- j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación.
- k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra ou mencións honoríficas, de ser o caso.
- l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas.
- m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.
- n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular.

- **Adecuación dos obxectivos de etapa**

Plasmaranse nas Programacións Didácticas (elaboradas en PROENS) que elaboramos con carácter anual e nas Programacións de Actividades e Tarefas que elaboramos quincenalmente.

- **Distribución horaria das materias**

Son as establecidas no Decreto 155/2022, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- **Idioma de impartición das materias**

Educación infantil:

Na etapa de Educación Infantil, tal como se recolle no artigo 5 do Decreto 79/2010 de plurilingüismo, e unha vez realizada a consulta aos pais non vinculante como consecuencia da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a lingua a empregar será a maioritaria, sen prexuízo do establecido no punto 4 do artigo citado.

Educación Primaria:

Segundo dita o Artigo 6o do Decreto 79/2010 de plurilingüismo no, seu punto 4, e impartirán en galego e en castelán, garantindo una distribución proporcional, e quedando como a continuación, tendo en conta as materias troncais cuxo idioma de impartición establécense no punto 3, así como as especificidades idiomáticas establecidas no parágrafo anterior, seguiuise o procedemento establecido no regulamento de centros, decidíndose as materias que se indica:

GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS
EF, LG, CN, CS, E.ARTÍSTICA (MÚSICA)	Matemáticas, LC, Valores Relixión/P Competencial	E A-Plástica L.E

- **Contribución das áreas á consecución das competencias clave**

As competencias, para o decreto 155/2022, son as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza á etapa educativa referente.

A contribución porcentual da áreas con respecto a cada competencia, estableceranse nas programacións específicas.

As competencias que debemos traballar co alumnado na Etapa de Educación Primaria, son as seguintes:

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Utilizará a lingua galega e a castelán oral e escrita en múltiples contextos e empregará de forma funcional os coñecementos adquiridos.

COMPETENCIA PLURILINGÜE

Será capaz de un desenvolvemento básico nunha lingua estranxeira nos ámbitos escritos e orais.

COMPETENCIA MATEMÁTICA EN CIENCIA E TECNOLOXÍA(STEM)

Empregará, espontaneamente, nos ámbitos persoal e social, os elementos e razoamentos matemáticos para interpretar e producir información e para resolver problemas que se dan en situacións cotiás.

COMPETENCIA DIXITAL

- Fará uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas reais de modo eficiente.
- Avaliará e seleccionará novas fontes de información e innovación tecnolóxicas a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade, para acometer tarefas ou obxectivos específicos.
- Ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e empregar a información, as súas fontes e as distintas ferramentas tecnolóxicas

COMPETENCIA PERSOAL, SOCIAL DE APRENDER A APRENDER

Xestionará e controlará as súas propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de autonomía persoal sendo capaz de seleccionar as rutas para acadar o coñecemento necesario na resolución de problemas.

COMPETENCIA CIDADÁ (SOCIAL E CÍVICA)

- Comprenderá a realidade social na que vive.
- Afrontará a convivencia e os conflitos empregando os valores da tolerancia e o respecto dende unha visión pacífica de resolución de problemas
- Exercerá a cidadanía actuando con criterio propio.
- Contribuirá á construción da paz e a democracia, mantendo unha actitude solidaria e responsable ante o cumprimento dos dereitos e obrigas.

COMPETENCIA EMPRENDEDORA E SENTIDO DA INICIATIVA

- Imaxinará, emprenderá, desenvolverá e avaliará accións e proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e espírito crítico.
- Acadará calidades e habilidades persoais, sociais, e de liderazgo.

COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS

- Terá adquirido un coñecemento básico das manifestacións culturais e artísticas fundamentais.
- Adoptará unha actitude respectuosa e crítica ante as distintas manifestacións culturais e artísticas, e o desexo e vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora.
- Amosará interese por participar na vida cultural e por contribuír a conservar o patrimonio artístico e cultural.

● **METODOLOXÍA XERAL**

A Equipa Docente considera moi importante o proceso de aprendizaxe do noso alumnado. Por iso cremos oportuno que o alumno sexa protagonista activo do seu propio proceso, proporcionándolle os recursos materiais e humanos necesarios para conseguir o seu pleno desenvolvemento.

- Farase de xeito que a aprendizaxe sexa significativa (relacionada cos coñecementos previos e centros de interese).
- De forma globalizada e secuencializada gradualmente.
- Buscaremos unha aprendizaxe competencial máis que memorística
- Empregarase diferente bibliografía potenciando o seu uso como material consultivo e de apoio.
- Os libros de texto terán unha presenza residual e sempre motivada pola necesidade do seu uso como apoio a unha ensinanza dinámica e baseada nun aprendizaxe competencial e nunca como eixes da actividade de aula.
- A metodoloxía xeral do centro basearase no traballo cooperativo e competencial buscando a adquisición de coñecemento a través da experimentación ,investigación e procura de información. Debendo ser

● Activa e Participativa.
● Individualizada e atenta as distintas diversidades
● Socializadora.
● Motivadora.
● Potenciadora da autoestima e do valor do esforzo
● Emocionalmente positiva e empática

Todo iso encamiñado a conseguir que o noso alumnado chegue a ser

● Responsable.
● Autónomo.
● Sociable
● Inclusivo
● Empático.
● Resiliente.
● Intelixente emocional (Capaz de xestionar as súas emocións e desfrutar delas).
● Capacitado para vivir de maneira integral e crítica na sociedade

- As distribucións espaciais das aulas favoreceran o traballo en equipo e o movemento vital do alumnado.
- Estableceranse obradoiros internivelares que se levarán a cabo durante o horario habitual e que se irán introducindo de maneira pautada buscando unha exitosa implantación.

EDUCACIÓN INFANTIL

Metodoloxía

O traballo docente deberá levarse a cabo arredor de tres fíos temáticos ao longo do curso:

- PROXECTOS DE AULA
- PROXECTO DO CENTRO (PDI)
- ACTIVIDADES PROPIAS DO NIVEL

As **liñas metodolóxicas** básicas para acadar os obxectivos son:

- Plantexamento de actividades globalizadas, contextualizadas e significativas (empregar contextos reais e significativos para o alumnado)
- Ter en conta os coñecementos previos do alumno, xa que no momento no que acceden á escola xa teñen unha bagaxe de aprendizaxe; sendo eles mesmos os protagonistas da súa propia aprendizaxe.
- Respecto pola creatividade/orixinalidade de cada neno/a, propoñendo actividades que favorezan a espontaneidade e nas que se valore o proceso sobre o produto.
- Empregar o xogo como vehículo prioritario para abordar os distintos contidos.
- Favorecer as actividades de movemento, de emprego do propio corpo, de vivenciación, de experimentación para poder chegar á comprensión real.
- Ler, escribir, sumar e restar **non son obxectivos** prioritarios en si mesmos, en todo caso serán consecuencias dun axeitado enfoque que esperte no alumnado as capacidades de pensamento e curiosidade necesarias para abordar este tipo de aprendizaxes.

Ámbito Lóxico – matemática a metodoloxía a empregar

- Respetará a secuencia: vivenciación -manipulación – representación – simbolización, xa que queremos que o noso alumnado adquira conceptos, non que reproduza grafías de números e para iso é necesario que experimente, clasifique, agrupe, compare, faga actividades de conteo...
- Empregará materiais convencionais e da contorna para buscar significatividade, así coma outros complementarios (regretas, cubos multibase, centicubos, tangram, xeoplano, bloques lóxicos, contas de madeira, etc)
- Desenvolverá e potenciará as capacidades de pensamento, de tal xeito que a aprendizaxe vaia encamiñada á resolución de problemas cotiás e á comprensión da realidade .

Ámbito da Lectoescritura a metodoloxía

- Procurarase empregar un método entre o global e o sintético fonético para a adquisición de habilidades lectoras .O obxectivo é partir de palabras ou expresións verdadeiramente significativas para os cativos e cativas e ir recoñecendo os fonemas a partires desas palabras.

A interiorización paulatina derivará nunha axeitada conciencia fonolóxica, un dos requisitos que se considera imprescindible para afrontar sen dificultades o futuro proceso lector.

- Realizarase a activación de coñecementos previos e a curiosidade partindo das tipoloxías textuais, das ilustracións e outros aspectos que se considere .
- As actividades a realizar deben buscar:
 - Enriquecer o vocabulario e as habilidades comunicativas.
 - Mellorar a capacidade de atención e escoita activa, así como a discriminación auditiva.
 - Traballar a discriminación e memoria visual
 - Respetar a evolución da lateralidade e axudar a afianzar a orientación espacial e a direccionalidade

En canto á escritura o traballo previo a realizar debe favorecer

- Desenvolvemento da psicomotricidade fina
- Direccionalidade: necesaria para evitar complicacións posteriores, relacionada coa orientación espacial.

Unha vez que o alumnado empeza co proceso de escritura, débense respectar as fases da mesma: presilábica, silábica, silábico-alfabética e alfabética; entendendo que cada unha forma parte dun proceso madurativo.

a) Aspectos xerais para a elaboración de programacións didácticas

Á hora de redactar a programación de EI, é preciso concretar os seguintes aspectos:

- Tema xeral escollido polo claustro para abordar o PDI proposto dende a biblioteca e enfoque que se lle dará dende esta etapa (aínda que despois se respecten posibles centros de interese que xurdan nas distintas aulas relacionadas coa temática)
- Concreción dos recunchos que se deseñarán en cada aula.
- Saídas didácticas previstas e xustificación das mesmas dende o enfoque curricular.
- Concreción das actividades nas que participarán as familias dentro das aulas.
- Medidas organizativas dentro da aula
- Estrutura das sesións diarias

Para un proceso ensino-aprendizaxe exitoso debemos favorecer no alumnado

- Autonomía.
- Socialización.
- Movemento.
- Comunicación.
- Xogo.
- Descubrimento.

Establecerase como norma xeral unha organización espacial da aula na que haberá espazos destinados a traballar os seguintes ámbitos: xogo simbólico; motricidade; lóxico-matemático; lecto-escritura. Estes serán considerados espazos onde as crianzas poidan realizar diferentes actividades de xeito experimental, garantindo diferentes formas de agrupamentos nas que o alumnado logre desenvolver destrezas básicas propias da etapa.

- Habrá actividades de movemento (cun mínimo de dúas sesións específicas semanais de motricidade e unha de educación musical)
- Unha sesión da semana terán actividades de expresión plástica no marco do proxecto artístico-plurilingüe do centro

Levaranse a cabo OBRADOIROS INTERNIVELARES durante dous días a semana coas seguintes características xerais:

- Grupos hereroxéneos de 4º, 5º e 6º
- Horario de 12 a 14 horas
- Profesorado encargado do bo funcionamento dos distintos espazos
- Espazos :

• Aula de experiencias
• Aula de vida cotiá
• Biblioteca / aula STEM
• Psicomotricidade
• Aula Autónoma -Situacións de Aprendizaxe
• Aula plurilingüe artística

As actividades concretaranse na programación trimestral de infantil e buscarán ser formadoras e estimuladoras da aprendizaxe

b) Avaliación

A avaliación na etapa de Educación Infantil entenderase como un proceso de recollida, análise e valoración de información relevante do alumnado co que traballamos e, polo tanto estará presidida en todo momento polo carácter global propio da etapa.

No proceso avaliativo non poderá faltar, entre outros aspectos, información do alumnado sobre: aprendizaxes adquiridos, ritmo de aprendizaxe e información sobre o momento do desenvolvemento no que se atopa o alumno/a en cuestión tanto a nivel motriz como afectivo e social

Trimestralmente estes aspectos recollidos na avaliación analizaranse en conxunto por parte do profesorado que imparte docencia ó grupo en cuestión, xunto co orientador e unha representante da Equipa Directiva, nas diferentes sesións de avaliación. Estas sesións desenvolveranse seguindo os diferentes pasos establecidos no protocolo elaborado dende o centro para tal efecto.

Dos resultados obtidos no proceso de avaliación as familias serán informadas a través dos correspondentes boletíns informativos que terán unha elaboración persoal e individualizada e que serán entregados persoalmente. Estes boletíns serán complementados coa cubrición dos ITEMS oficiais(previamente seleccionados polo equipo docente) e transmitida pola aplicación ABALAR coa publicación na data consensuada .

***MODELO ORIENTATIVO PARA INFORMAR ÁS FAMILIAS

OBSERVACIÓNS TITORA:

Asdo:

Data:

OBSERVACIÓNS DOS PAIS:

Asdo:



CEIP ALBORADA

EDUCACIÓN INFANTIL

NOME.....CURSO.....

AS NOSAS RUTINAS (O QUE FAGO TODOS OS DÍAS):

COMO SON AS MIÑAS RELACIÓNS (COMO ME RELACIONO)

AS MIÑAS TAREFAS NA CLASE (OS MEUS TRABALLOS NA CLASE, O QUE FAGO NA CLASE)

- **RECANTO DAS LETRAS:**
- **RECANTO DOS ARTÍSTAS:**
- **RECANTO DA CONSTRUCCIÓN:**
- **RECANTO DAS MATEMÁTICAS:**
- **RECANTO DA INVESTIGACIÓN:**
- **RECANTO STEM:**

AS MIÑAS OUTRAS CLASES

- **MUSICA:**
- **LINGUA ESTRANXEIRA – INGLÉS:**
- **PSICOMOTRICIDADE:**
- **ATENCIÓN EDUCATIVA:**

DESENVOLVEMENTO NOS TALLERES:

c) Participación das familias

A familia é fundamental na educación global do noso alumnado, polo que estas deben estar informadas do que acontece cos seus fillos e fillas. Polo tanto, para conseguir acadar una educación de calidade no noso alumnado, partiremos do principio básico da coeducación na que tanto familia como colexio xoguen un papel fundamental.

Co fin de facilitar e propiciar esta interacción familia-centro establecerase unha dinámica de implicación familiar baseada na participación puntual da familia en diferentes actividades ó longo do curso (dinámicas de aula, xogos, conmemoracións, talleres,...). Esta participación da familia en diferentes actividades de centro estará sempre presidida por dous principios básicos: en primeiro lugar as familias actuarán sempre como colaboradores ; e por outra parte a participación será voluntaria e organizada polo mestre/a, existindo en todo momento una información clara á familia dos obxectivos que se pretenden acadar coa actividade que se plantexa.

Manteranse reunións informativas á hora de transmitirlle información relevante ás familias:

- Reunión en xuño ou principios de setembro con todas as familias do alumnado que comeza en setembro 4º de EI, realizada por parte do coordinador/a da etapa ou titora/titor para explicar certos aspectos que se consideren relevantes (normas do colexio, certas pautas para o verán que lle faciliten o inicio de curso ós nenos e nenas...)
- Reunión a comezo de cada curso (setembro) organizada polas titoras ou titores e dirixida a todas as familias das súas aulas para informar de: mestres/as que poden nalgún momento traballar co alumnado da etapa, especialistas, metodoloxía xeral de traballo que se vai seguir, aspectos organizativos da etapa e recomendacións.
- Reunións individuais durante o curso , realizadas por parte de cada titor/a xunto co correspondente mestre/a de apoio, nas que se aborde aqueles aspectos que se consideren necesarios .

- Reunión a final de curso (maio-xuño), realizada por parte do titor/a xunto co mestre/a de apoio, de xeito individual ou grupal coas familias do alumnado que remata a etapa de EI (6º EI) para informar daqueles aspectos que se consideren relevantes e poidan facilitar o paso de EI a EP.

As titorías serán un canal para manter un contacto continuado coas familias do alumnado. Neste sentido, convén rexistrar os temas tratados na titoría e os acordos alcanzados.

d) Tránsito á seguinte etapa

Igual que se adoptan medidas organizativas para facilitar a adaptación do alumnado ó centro e á etapa de EI, dende o centro ofreceránselle ós alumnos/as experiencias que lle axuden a incorporarse a Primaria. Estas realizaranse durante o terceiro trimestre de cada curso e basearase principalmente na formulación de actividades pensadas para concienciar ós alumnos/as de 6º de EI do cambio que van experimentar, pero sempre dende unha perspectiva positiva. Por exemplo, axudándoos a tomar contacto con elementos propios da etapa (coñecendo ós profesores do primeiro ciclo, realizando actividades de forma conxunta cos nenos de primeiro para que lles conten experiencias propias, amosándolles os espazos (aulas, zonas de patio ás que van poder ir,...).

Por outro lado, as mestras de infantil proporán na derradeira sesión de avaliación unha distribución de alumnado para facer desdobres baseados na etapa evolutiva dos nenos/as, e que serán contrastados polo Departamento de Orientación e a Equipa Directiva antes de realizar a distribución definitiva.

e) Período de adaptación

O obxectivo deste período de adaptación non será outro que o de facilitarlle ó alumnado recién chegado ó centro a adaptación ó novo medio.

A pesares de estar este período organizado dende a administración (normativa de cada curso), á hora de desenvolvelo no centro teremos en conta o seguinte:

- Deberá ser minuciosamente programado e organizado por parte do equipo de EI en colaboración coa dirección do centro, flexibilizando os grupo e tempos da xornada escolar en función das necesidades que se observen.
- Deberá ter a publicidade necesaria para que as familias poidan conciliar a vida escolar e laboral
- Deberá contemplar unha xornada de adaptación dos pais/ nais ao funcionamento da aula-docente .
- Este período debe servir como primeira toma de contacto do alumnado co centro e co mestre -a polo que será entendido como punto de partida para comezar a traballar con eles por este motivo deberán realizarse individualmente titorías para coñecer como é cada neno/a e realizar un rexistro onde haberá información sobre:
 - Actitude dos pais na primeira entrevista así como nos momentos nos que traen ós nenos/as ó centro.
 - Actitude do neno/a ante a figura da/o profesor/a.
 - Actitude do neno/a ante os diferentes obxectos da clase, espazos e ante os propios nenos da súa idade.
 - Actitude amosada ante o xogo e ante as diferentes actividades
 - Actitude emocional que amosa o neno/a nese tempo.
 - O nivel de desenvolvemento verbal no que se atopa cada neno.
 - Actitude ante a comida e o descanso.
 - Actitude ante o fin da xornada.
 - Conductas relevantes que chamen a atención do mestre/a (seguimento de ordes, normas, movementos,...

CRITERIOS AVALIATIVOS A TER EN CONTA PARA A ELABORACIÓN DO INFORME DE FIN DE ETAPA AO REMATE DE EDUCACIÓN INFANTIL

ÁREA DE CRECEMENTO EN HARMONÍA

- Recoñece , identifica e representa o corpo global e segmentalmente, chegando a interiorizar o esquema corporal.
- Progresa no control do equilibrio, percepción sensorial e coordinación de movementos.
- Constrúe unha autoimaxe positiva e acepta a súa identidade confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.
- Participa en xogos dirixidos e espontáneos.
- Colabora na elaboración das regras do xogo e as respecta.
- Realiza actividades relacionadas co autocoidado amosando respecto, autoconfianza e iniciativa.
- Resolve con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá colaborando nas tarefas e aceptando as normas.
- Relaciónase de maneira asertiva, tolerante e eficaz coas persoas que interacciona nas rutinas diarias e actividades cotiás.
- Recoñece hábitos de saúde ,alimentación saudable, hixiene corporal e benestar usando adecuadamente espazos e materiais.
- Identifica situacións de risco e actúa coherentemente ante elas aceptando as normas.
- Desenvolve destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas e colaborando cos seus iguais.

ÁREA DE DESCUBRIMENTO E EXPLORACIÓN DA CONTORNA

- Establece relacións entre obxectos en base a semellanzas e diferenzas.
- Emprega cualidades de obxectos utilizando atributos relativos á cor.
- Identifica e asocia cantidades as grafías do 1 ao 10.
- É capaz de situarse adecuadamente nos espazos habituais.
- Emprega estratexias creativas para a resolución de problemas básicos.
- É capaz de medir cuantificando utilizando o seu corpo ou ferramentas básicas.
- Participa en proxectos de forma colaborativa
- Programa ata tres secuencias en actividades dixitais e de robótica.
- Ten interese nas actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM.
- Mostra actitudes de respecto e protección cara ao medio natural e aos animais.
- Identifica fenómenos atmosféricos básicos e as diferentes estacións do ano.
- Coñece as características básicas entre os seres vivos e inertes.
- Identifica e coñece grupos sociais próximos (familia e escola) da contorna.
- Recoñece diferentes modelos de familia.
- Identifica profesións do seu entorno.
- Coñece e amosa actitudes de respecto polas manifestacións e patrimonio cultural da contorna próxima.
- Iníciase na resolución de sumas e restas sinxelas.
- Comprende secuencias temporais básicas.

ÁREA DE COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN DA REALIDADE

- Exprésase oralmente con claridade, construíndo un discurso eficaz, organizado e coherente.
- Utiliza a linguaxe oral como instrumento regulador da acción na interacción cos demais con seguridade e confianza.
- Expresa oralmente algunhas emocións, ideas, sentimentos, vivencias...
- Emprega con precisión o novo vocabulario que posúe.
- Utiliza a linguaxe social para pedir, agradecer, saudar, despedirse, pedir axuda...
- Comprende mensaxes orais diversas (instrucións sinxelas, explicacións, relatos, producións literarias, descricións...) amosando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.
- Participa en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais.
- Participa nas interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.
- Percibe, identifica e discrimina sons.
- Amosa habilidades grafomotrices con control e precisión.
- Recoñece o seu nome e os nomes de compañeiros e compañeiras
- Amosa interese polos textos escritos.
- Escoita con atención a lectura de diferentes textos literarios (contos, poesías, adiviñas...).
- Participa en actividades de aproximación á literatura infantil.
- Participa activamente na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas.
- Participa con interese, imaxinación e iniciativa nas actividades expresivas plásticas.
- Participa con agrado en xogos de expresión corporal (dramatizacións, xogo
- Amosa interese polo uso das tecnoloxías da información e da comunicación dun xeito responsable.

EDUCACIÓN PRIMARIA

1º CICLO

Liñas prioritarias:

a) Metodoloxía

- Para dar continuidade á etapa de Educación Infantil optarase por un método globalizado, sen emprego do libro de texto como uso convencional e buscando situacións cotiás e significativas.
- Levaranse a cabo OBRADOIROS INTERNIVELARES durante dous días a semana coas seguintes características xerais:
 - Grupos hereroxéneos de 1º,2º
 - Horario de 12 a 14 horas
 - Profesorado encargado do bo funcionamento dos distintos espazos
 - Espazos :

• Aula de ciencias
• Aula de vida cotiá/ aula artística
• aula STEM/ matemáticas
• Aula medioambiental/ aula exterior
• Aula lingüística/ biblioteca

As actividades concretaranse na programación trimestral de 1ºciclo e buscarán ser formadoras e estimuladoras da aprendizaxe

Competencia Lingüística:

- Empregarase (en consonancia coa etapa anterior) o método entre o global e o fonético para a lectura. Ao final da etapa os alumnos/as deben ser capaces de ler diferentes tipos de textos con certa fluidez .
- Na escritura, o obxectivo final debe ser a produción de textos sinxelos, coa complexidade acorde a esta etapa e respectando as etapas de escritura.

- Á hora de presentar a grafía das letras, respectarase a tendencia natural do neno/a, pero se demanda unha orientación a titora/ titor decidirá a tipoloxía de letra a empregar sempre coordinando co traballado na etapa de educación infantil.
- Fomentar a expresión oral, tanto espontánea como preparada, dando ferramentas para que sexa fluída e coherente. Para iso pódese recorrer a xogos de expresión oral e á gravación de vídeos.
- Elixiranse dous libros (un en galego e outro en castelán) de literatura para empregar como elemento vehicular para inducir á lectura.

Competencia en ciencia, tecnoloxía e matemática:

- Dedicar a diario un tempo ao cálculo mental.
- Incidir na composición e descomposición numérica ata dominala con seguridade, afianzando o valor posicional.
- Coñecer o espazo próximo: medidas e formas das ferramentas cotiás, das mesas, da aula, das portas...
- Incluir sempre actividades de interiorización /manipulación/fase gráfica/simbolización....

Competencia Aprender a aprender:

- Aprender a empregar ferramentas comúns de traballo.
- Organizar o espazo de traballo: ter na mesa o imprescindible e coñecer a localización dos materiais que poden ser necesarios
- Emprego de debuxos (fase gráfica) para a resolución de problemas
- Localización de palabras ou expresións clave
- Emprego da liña temporal
- Recollida e interpretación de datos

Traballo cooperativo:

- Organización coherente dos grupos en base a criterios obxectivos
- Reparto de roles dentro de cada grupo
- Establecemento de normas dentro do grupo
- Emprego de estruturas básicas

b) Pautas para a elaboración das programacións

- Revisión dos mínimos de cada estándar e perfís competenciais e propoñer os cambios que se estimen oportunos.
- Revisión / reelaboración das rúbricas para a avaliación das competencias.
- Determinar as probas / observacións que se levarán a cabo para a avaliación inicial: as valoracións realizaranse sobre as competencias lingüística e matemática.
- Organización de agrupamentos flexibles (grupos e áreas nos que se levará a cabo)
- Saídas didácticas (e xustificación das mesmas)
- Fixar con claridade os criterios e instrumentos de avaliación e cualificación do alumnado.

c) Distribución de espazos

- A distribución do alumnado favorecerá o traballo cooperativo, polo que as mesas estarán preferentemente distribuídas en grupos
- Existirá zona de asemblea ou de colocación en gran grupo
- Cada aula terá espazos para a distribución da biblioteca de aula, materiais comúns, traballos do alumnado .

d) Avaliación:

- A avaliación estará enfocada á detección de dificultades e necesidades e á busca de solucións e medidas para afrontalas. Nas sucesivas avaliacións valorarase se as medidas adoptadas resultaron eficaces ou se polo contrario será necesario adoptar outras diferentes.

- Para as sesións de avaliación aplicarase o protocolo do centro; aportando a información que se require nel (traballo realizado, comentario xeral do grupo, análise individual...)
- As familias recibirán trimestralmente o boletín oficial do centro a través de ABALAR cumprindo coa Orde de avaliación vixente.

e) Participación das familias

- Para favorecer a participación e comunicación coas familias realizarase unha primeira reunión informativa onde se expliquen os cambios que lles esperan aos seus fillos/as nesta etapa educativa e a liña metodolóxica do centro, así como os aspectos máis formais da avaliación.
- Puntualmente poderá requirirse a súa colaboración para actividades de aula sempre baixo a supervisión e organización do mestre/a.
- As vías de comunicación frecuentes serán a axenda do alumnado e as mensaxes directas por Abalarmobil ou teléfono.

CRITERIOS AVALIATIVOS A TER EN CONTA PARA A ELABORACIÓN DO INFORME DE FIN DE CICLO (distribución dos mínimos por nivel)

ESTÁNDARES MÍNIMOS DE 1º DE ED.PRIMARIA.

ÁREA DE MATEMÁTICAS:

- Escribe e recoñece con axuda os números ata o 99.
- Recoñece Unidades e Decenas.
- Completa diferentes indicacións nas series numéricas: anterior, posterior, contar de 2 en 2...
- Realiza sumas e restas, con unidades e decenas, e sen levadas, de forma autónoma.
- Recoñece os días da semana.
- Diferencia moedas de euros e de céntimos.
- Recoñece e distingue líneas rectas, curvas, abertas e pechadas.
- Identifica figuras xeométricas básicas: cadrado, círculo, triángulo, rectángulo e rombo.

ÁREA DE LINGUA GALEGA E LINGUA CASTELÁ:

- Exprésase oralmente e de forma dirixida, empregando o vocabulario traballado.
- Usa maiúsculas ao inicio da oración e nos nomes propios.
- Remata a oración con punto.
- Identifica e aplica a concordancia de xénero e número de forma oral.
- Identifica a correspondencia entre grafema/fonema.

ESTÁNDARES MÍNIMOS DE 2º DE ED.PRIMARIA.

ÁREA DE MATEMÁTICAS:

- Escribe e reconece os números ata o 999.
- Recoñece e coloca as Unidades, Decenas e Centenas nasúa correcta posición.
- Realiza sumas e restas sinxelas, con levadas, de forma autónoma.
- Distingue entre números pares e impares
- Comprende o concepto de multiplicación.
- Soluciona de forma autónoma problemas sinxelos de sumas e restas.
- Ordena de maior a menor e viceversa os números dados.
- Realiza series numéricas con diferentes indicacións.
- Recoñece as medidas de tempo: os días da semana, os meses do ano e o ano no que estamos.
- Recoñece as horas en punto, e cuarto, e media e menos cuarto nos reloxos dixitais e analóxicos.
- Manexa correctamente as moedas de euro e os billetes en diferentes situacións.
- Recoñece lados e vértices nas figuras xeométricas.

ÁREA DE LINGUA GALEGA E LINGUA CASTELÁ:

- Exprésase oralmente e de forma espontánea, empregando o vocabulario traballado.
- Elabora textos escritos sinxelos atendendo a modelos dados
- Usa maiúsculas ao inicio da oración, nos nomes propios e despois de punto e seguido.
- Separa de maneira adecuada as palabras dentro dunha oración.
- Sabe o que é unha oración e a sabe escribir de maneira ordeada e con sentido.
- Recoñece distintos tipos de textos.
- Diferencia os seguintes fonemas: c/z, c/q e r suave e r forte.

2º CICLO

Liñas prioritarias:

a) Metodoloxía

Nesta etapa educativa resulta primordial a comprensión escrita. Se no primeiro ciclo se busca alcanzar unha fluidez e prosodia axeitadas, agora será fundamental comprender a información que se presenta nos diferentes tipos de texto, xa que, tanto no traballo de áreas como de competencias, boa parte do éxito escolar vai depender deste capacidade.

- Para dar continuidade á etapa de 1º CICLO optarase por un método globalizado, sen emprego do libro de texto como uso convencional e buscando situacións cotiás e significativas
- Nesta etapa tamén se da o paso de traballar máis por Ámbitos aínda que ese cambio debe ser progresivo facendo actividades de xeito globalizado aproveitando o principio de interdisciplinariedade

Levaranse a cabo OBRADOIROS INTERNIVELARES durante dous días a semana coas seguintes características xerais:

- Grupos heteroxéneos de 3º-4º
- Horario de 12 a 14 horas
- Profesorado encargado do bo funcionamento dos distintos espazos
- Espazos :

• Aula de Ciencias
• Aula matemática
• Biblioteca / aula lingüística
• Aula exterior / aula artística
• Aula STEM/Tics

As actividades concretaranse na programación trimestral de 2ºCiclo e buscarán ser formadoras e estimuladoras da aprendizaxe

Competencia Lingüística:

- Elixiranse dous libros (un en galego e outro en castelán) de literatura para empregar como elemento vehicular.
- Fomentaranse as tarefas/actividades encamiñadas á comprensión e expresión escrita con produción de textos escritos nos que se diferencien perfectamente as partes e nos que se empreguen conectores
- Traballo de expresión oral e mellora da comprensión lectora
- Elaboración de glosario de palabras e expresións máis comúns, buscando elementos que permitan construír as normas ortográficas.

Competencia en ciencia, tecnoloxía e matemática

- En consonancia co primeiro ciclo, o cálculo mental debe ser prioritario, empregando as técnicas de cursos anteriores melloradas (aplicando o aprendido a números máis grandes descompostos) e ampliando ao cálculo de multiplicacións e divisións
- Estimar e aproximar
- Emprego e manexo da calculadora de forma efectiva tanto para a comprobación como para a aprendizaxe.
- Manexo das moedas e as equivalencias
- Resolución de problemas contextualizados (mapas, gráficas, horarios, cartos)
- Responsabilidade no aforro enerxético e a recollida de lixo na escola
- Construción e coñecemento das máquinas simples

Competencia en Aprender a Aprender

Esta etapa educativa ten vital importancia na adquisición de técnicas básicas de estudo, polo que será preciso investir moito tempo, sendo as áreas de ciencias sociais e ciencias naturais ferramentas idóneas para o traballo desta competencia.

- Aprender a reler e subliñar e identificar as ideas principais
- Elaboración de glosarios
- Realizar bosquexos
- Elaborar resumos (estrutura do resumo a partir das ideas principais)
- Elaboración e interpretación de gráficas.
- Nocións básicas de alfabetización informacional.

Traballo cooperativo

Coñecidos os roles, as normas e as estruturas básicas, neste ciclo débese dar un impulso ao traballo cooperativo, para iso proponse:

- Aumentar o número de actividades realizadas con estruturas de traballo cooperativo.
- Normalizar a toma de decisións conxuntas dentro de cada grupo
- Potenciar a elaboración de produtos comúns nos elementos sinalados na competencia aprender a aprender .

b) **Pautas para a elaboración das programacións:**

- Revisión dos mínimos e do perfil competencial, sobre todo os da Competencia lingüística e C. Aprender a Aprender.
- Revisión das rúbricas para a avaliación das competencias, en especial a de aprender a aprende
- Determinar as probas/observacións que se levarán a cabo para a avaliación inicial: as valoracións realizaranse sobre as competencias lingüística e matemática.

- Saídas didácticas (e xustificación das mesmas)
- Fixar con claridade os criterios e instrumentos de avaliación e cualificación do alumnado, revisando as porcentaxes no caso de ser necesario.

c) Distribución de espazos:

- A distribución do alumnado na aula favorecerá o traballo cooperativo.
- Existirán espazos claros e facilmente localizables para a colocación do material común e para a busca autónoma de información.

d) Avaliación

- A avaliación neste ciclo ten como primeiro obxectivo detectar dificultades na comprensión escrita.
- Nas sesións de avaliación empregarase o protocolo de centro aportando a información que nel se require.
- As familias recibirán un boletín trimestral pola aplicación ABALAR cumprindo coa orde de avaliación vixente. No caso de alumnos con dificultades, irá acompañado dunha entrevista individual ou un informe redactado detallando as mesmas e as medidas previstas para superar as dificultades.
- Aplicar os criterios de repetición establecidos nas programacións didácticas e informar ás familias da posibilidade desta medida no momento no que se dea.

e) Participación das familias

- Para favorecer a participación e comunicación coas familias realizarase unha primeira reunión informativa onde se expliquen os cambios que lles esperan aos seus fillos/as nesta etapa educativa e a liña metodolóxica do centro, así como os aspectos máis formais da avaliación.
- Puntualmente poderá requirirse a súa colaboración para actividades de aula sempre baixo a supervisión e organización do mestre/a.
- As vías de comunicación frecuentes serán a axenda do alumnado e as mensaxes directas por Abalarmobil ou teléfono.

CRITERIOS AVALIATIVOS A TER EN CONTA PARA A ELABORACIÓN DO INFORME DE FIN DE CICLO (distribución por niveis)

3o EDUCACION PRIMARIA

MATEMÁTICAS

1. Ler, escribir e comparar números de catro cifras (9.999) e coñecer, utilizar e comparar as fraccións de igual denominador.
2. Coñecer os números ordinais ata o 20, e decenas completas ata o 100.
3. Realizar sumas con levada, con números ata o 9.999.
4. Realizar restas con levada, con números ata o 9.999.
5. Realizar multiplicacións, cunha cifra no multiplicador, con números ata o 9.999.
6. Realizar divisións, con números ata o 9.999, cunha cifra no divisor.
7. Explicar oralmente e resolver problemas en situacións reais, que impliquen a utilización das operacións traballadas.
8. Descompoñer e compoñer correctamente os números (naturais) identificando o valor de posición de cada unha das súas cifras, en números de ata 4 cifras.
9. Desenvolver estratexias persoais de cálculo mental.
10. Realizar medicións das magnitudes lonxitude, capacidade e masa, utilizando os instrumentos de medida máis axeitados, ordenando, comparando e expresando os resultados nas unidades pertinentes.
11. Recoñecer as moedas e billetes de curso legal, valorando a importancia dos cartos e do fomento do consumo responsable.
12. Recoñecer, no medio en que se moven, formas e corpos xeométricos do espazo (polígonos, círculos, cubos, prismas, pirámides) desenvolvendo gusto por apreciar o valor estético das mesmas.
13. Recoñecer corpos redondos: cono, cilindro e esfera, e os seus elementos básicos.

14. Representar e interpretar gráficos a partir dos datos extraídos dunha táboa de frecuencia.
15. Presentar os traballos de forma limpa, clara e ordenada.

LINGUA GALEGA E LINGUA CASTELÁ

1. Expresarse de forma oral e escrita, segundo os diferentes contextos, utilizando de forma adecuada as regras de puntuación: coma, punto e signos de interrogación e exclamación; e as regras ortográficas: maiúsculas, os sons k, g, z, r forte, mb, mp.
2. Ler de forma comprensiva e interpretar diversos tipos de textos (narrativos, poéticos, descritivos,...)
3. Saber buscar palabras no dicionario, en formato papel e dixital.
4. Identificar distintas tipoloxías textuais (conto, poesía, comic, carta, noticia, fábula).
5. Utilizar o vocabulario para expresarse con progresiva precisión, nos diferentes contextos, de forma oral e escrita.
6. Comprender de forma global a información literal de textos orais e escritos de uso habitual no ámbito escolar e social.
7. Producir textos escritos breves con distintas intencións comunicativas (narracións, cartas, diario persoal,...)
8. Utilizar de forma axeitada, conceptos gramaticais correspondentes ao seu nivel (substantivos, adxectivos, determinantes e o verbo)
9. Presentar os traballos de forma limpa, clara e ordenada.

4º E.Primaria

ESTÁNDARES MÍNIMOS DE MATEMÁTICAS

1. Ler, escribir e comparar números de 5 cifras (99.999), e coñecer os números romanos ata o mil.
2. Coñecer e utilizar as fraccións, e utilizar as de igual denominador en sumas e restas.
3. Coñecer os números ordinais ata o 100.
4. Descompoñer y compoñer correctamente os números, ata 99.999, e decimais ata a décima, identificando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
5. Realizar sumas con levadas, empregando números decimais ou non, ata o 99.999.
6. Realizar restas con levadas, empregando números decimais ou non, ata o 99.999.
7. Realizar multiplicacións con números decimais ou non, nun dos factores, con dúas cifras no multiplicador, ata o 99.999.
8. Realizar divisións con números ata o 99.999, cunha cifra no divisor, e iniciar a división con dúas cifras no divisor.
9. Explicar oralmente e resolver problemas en situacións reais que impliquen a utilización das operacións traballadas.
10. Desenvolver estratexias persoais de cálculo mental.
11. Realizar medicións das magnitudes lonxitude, masa e capacidade, utilizando os instrumentos de medida máis axeitados, ordenando, comparando e expresando os resultados nas unidades pertinentes.
12. Recoñecer as moedas e billetes de curso legal, valorando a importancia dos cartos e do fomento do consumo responsable.
13. Recoñecer, no medio en que se moven, formas e corpos xeométricos do espazo (polígonos, círculos, cubos, prismas, pirámides) analizando os seus elementos e desenvolvendo gusto por apreciar o valor estético das mesmas.
14. Recoñecer e identificar corpos redondos: cono, cilindro e esfera, e os seus elementos básicos.

15. Representar gráficos a partir dos datos extraídos dunha táboa de frecuencia.
16. Presentar os traballos de forma limpa, clara e ordenada.

ESTÁNDARES MÍNIMOS DE LINGUA GALEGA E LINGUA CASTELÁ

1. Expresarse de forma oral e escrita, segundo os diferentes contextos, utilizando de forma adecuada as regras de puntuación: comas, punto e seguido, punto final, e punto e aparte; as regras de acentuación: agudas, graves e esdrúxulas; e as regras ortográficas: maiúsculas, mb, mp, c, z, q
2. Ler de forma comprensiva e interpretar diversos tipos de textos (narrativos, poéticos, descriptivos,)
3. Saber buscar palabras no dicionario, en formato papel e dixital.
4. Identificar distintas tipoloxías textuais (conto, poesía, comic, carta, noticia, fábula).
5. Utilizar o vocabulario para expresarse con progresiva precisión, nos diferentes contextos, de forma oral e escrita.
6. Comprender de forma global a información literal e inferencial sinxela de textos orais de uso habitual no ámbito escolar e social.
7. Producir textos escritos breves con distintas intencións comunicativas (narracións, cartas, diario persoal,...)
8. Utilizar de forma axeitada, conceptos gramaticais correspondentes ao seu nivel (determinantes, substantivos, adxectivos, tempos verbais)
9. Presentar os traballos de forma limpa, clara e ordenada.

3º CICLO

Liñas prioritarias:

a) Metodoloxía

Nesta etapa educativa búscase unha especialización curricular e que o alumnado adquiera unha dinámica de organización e responsabilidade maior.

Formamos parte do proxecto Edixgal, polo que o alumnado disporá dun ordenador portátil para uso persoal tanto no colexio como na casa. A través da plataforma EVA poderán empregarse os contidos precargados polas editoriais adxudicatarias ou ben os creados polos mestres a través doutras vías (opción recomendada)

O mestre/ mestra que imparta cada área poderá, deste xeito, analizar en profundidade os contidos ofertados en cada área e elaborar contidos propios para alcanzar a consecución dos estándares de aprendizaxe.

Isto implica un importante traballo de alfabetización informacional, para que os nenos/as accedan con seguridade á rede e saiban tratar con garantías a información á que acceden (tanto escrita como visual)

Levaranse a cabo OBRADOIROS INTERNIVELARES durante dous días a semana coas seguintes características xerais:

- Grupos hereroxéneos de 5º E 6º
- Horario de 12 a 14 horas
- Profesorado encargado do bo funcionamento dos distintos espazos
- Espazos :

• Aula de Ciencias
• Aula matemática
• Biblioteca / aula lingüística
• Aula exterior / aula artística
• Aula STEM-Polos Creativos

As actividades concretaranse na programación trimestral de 3ºCiclo e buscarán ser formadoras e estimuladoras da aprendizaxe

Competencia lingüística:

- A produción de diferentes tipos de textos é o obxectivo prioritario. Isto implica o coñecemento de diversas tipoloxías textuais e a súa estrutura, así como o dominio de conectores e a aplicación de normas ortográficas e gramaticais.
- Elixiranse dous libros de lectura (un en galego e outro en castelán) que servirán de nexo lector para actividades comunicativas-lectoras grupais
- Expresión oral a través de exposicións de traballos preparadas e estruturadas
- Creación de contidos propios, estruturados e argumentados.

Competencia matemática, ciencia e tecnoloxía:

O alumnado cando remate a Primaria debe ser capaz de estar preparado para afrontar situacións da vida cotiá con garantías.

- Interpretar datos e gráficas con solvencia e espírito crítico
- Calcular mentalmente operacións básicas, porcentaxes e fraccións
- Estimar, redondear e establecer predicións sobre resultados
- Resolver problemas contextualizados extraídos de textos e situacións reais, tanto a nivel numérico como xeométrico e de medidas.
- Empregar a calculadora con soltura e efectividade
- Ter nocións básicas de programación
- Ser crítico e responsable cos hábitos de vida e o coidado do medio ambiente.

Competencia en aprender a aprender:

Tendo en conta o traballado no ciclo anterior, será necesario reforzar e ampliar esta competencia a través de:

- Realización de mapas conceptuais e esquemas
- Tomar notas

- Elaborar guións
- Producir resumos
- Programar o propio tempo (de planificación, de traballo, de execución, de exposición...)

Traballo cooperativo

- Realizar proxectos en pequeno grupo
- Realizar proxectos en gran grupo
- Asumir roles diferentes a hora de traballar de xeito negociador e proactivo.

b) Pautas para elaborar as programacións:

- O equipo docente debe revisar os mínimos das áreas que lle corresponda impartir, así como determinar os instrumentos de avaliación, os criterios de cualificación e as concrecións metodolóxicas.
- O equipo docente de 5º e 6º revisará os perfís competenciais e as rúbricas de cada unha das competencias, así como as actividades a levar a cabo e a contribución para a consecución das competencias clave.

c) Distribución de espazos

- Como as aulas serán espazos de aprendizaxe deseñados e adaptados para cada área, deberán ter unhas características comúns que faciliten o traballo do alumnado e o cambio dunha aula a outra:
 - Todas as aulas atendendo á súa causística terán unha distribución de mesas que faciliten o traballo cooperativo
 - Haberá espazos para que todo o alumnado poda gardar os cadernos de traballo dentro da aula .
 - Para evitar que o alumnado teña que mobilizar permanentemente material, as aulas estarán dotadas para que non sexa necesario este proceso.

d) Avaliación

- Nas sesións de avaliación en primeiro lugar, buscarase unha valoración global do grupo baseada na valoración das competencias básicas, na que estará incluído o traballo cooperativo.

Posteriormente exporase o grao de consecución de estándares de cada área para finalizar coa análise individual do alumnado.

- As familias serán informadas no boletín oficial a través de ABALAR de forma trimestral e, no caso da existencia de dificultades, poderá complementarse cun escrito detallando as mesmas.
- O alumno/a que remate sexto de primaria cunha media superior a 9,5 se cun rendemento competencial excelente poderá ser merecedor/a dunha mención honorífica no seu expediente.

e) Participación das familias

Para favorecer a participación e comunicación coas familias realizarase unha primeira reunión informativa onde se expliquen os cambios que lles esperan aos seus fillos/as nesta etapa educativa, que son significativos a nivel de organización e responsabilidade, así como a liña metodolóxica e os aspectos máis formais da avaliación.

- Puntualmente poderá requirirse a súa colaboración para actividades de aula sempre baixo a supervisión e organización do mestre/a.
- As vías de comunicación frecuentes serán a axenda do alumnado e as mensaxes directas por Abalarmóvil ou teléfono

f) Tránsito á seguinte etapa:

Debemos prestar atención especial ao aspecto de organizar os tempos para o estudo e a realización de tarefas.

Ao longo do curso de 6º realizaranse colaboracións co alumnado do IES adscrito e por outro lado, no mes de xuño organizarase unha visita ao IES adscrito para os alumnos. Esta visita está coordinada polos Departamentos de Orientación de ambos centros educativos.

CRITERIOS AVALIATIVOS A TER EN CONTA PARA A ELABORACIÓN DO INFORME DE FIN DE CICLO (distribuidos por niveis)

5º Nivel

ESTÁNDARES MÍNIMOS DE LENGUA E LINGUA

Lectura:

- Comprenden diferentes tipos de textos, extraen a idea principal e son capaces de reflexionar sobre o lido.
- É capaz de realizar lectura silenciosa de maneira pautada
- Realiza unha lectura en voz alta clara, entoada e coa velocidade axeitada

Ortografía:

- Separan correctamente as palabras en sílabas, distinguindo o ditongo e o hiato.
- Empregan as normas de acentuación básicas.
- Utilizan os signos de puntuación básicos: exclamación, interrogación, punto e final, punto e seguido e a coma.

Gramática:

- Coñece e utiliza as categorías gramaticais básicas: Substantivo, determinantes, pronomes, adxetivos, adverbios, preposicións, conxuncións e verbos.
- Identifica nas oracións o suxeito, predicado e os respectivos núcleos.

Expresión Oral:

- Exprésase oralmente con coherencia e de xeito efectivo: escoita con atención, pregunta, entende a idea principal e ten un vocabulario axeitado.

Expresión escrita:

- Crean diferentes tipos de textos respectando a estrutura propia de cada un deles e logran integrarlos no seu día a día.

Literatura

- Valoración dos textos literarios e da literatura en xeral, como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal

MATEMÁTICAS

ESTÁNDARES MÍNIMOS

1. Lee escribe e ordena cinco máis números ata 999.999
2. Identifica a fracción como unha forma de representar números decimais e porcentaxes.
3. Compón e descompone números ata 999,999 e décimais ata as centésimas tanto en órdenes de magnitude como de forma sumativa ou aditivo multiplicativa.
4. Realiza sumas de polo menos dous sumandos con levadas empregando números , decimais ou non, ata 999.999.
5. Realiza restas con levadas empregando números, decimais ou non, ata 999.999.
6. Realiza multiplicacións con números, decimais ou non, ata 999.999 considerándose como mínimo tres números no multiplicador.
7. Efectúa divisións con números, decimais ou non, ata o 999.999 Nas que o divisor teña dúas cifras
8. Resolve problemas relacionados coa súa vida e o contexto, asociados aos diversos núcleos temáticos en que debe empregar polo menos dúas operacións.
9. Escolle as unidades de medida máis apropiadas segundo as circunstancias formuladas nun problema coñecendo e aplicando o método de cambio de unidades.
10. Estima medidas, prezos e similar en contextos coñecidos sendo capaz de establecer unha marxe numérica lóxica
11. Sabe identificar e representar liñas paralelas, secantes e perpendiculares así como os distintos polígonos traballados na etapa

12. Emprega medios convencionais como a regra e o compás e o transportador de así como medios tecnolóxicos como o XeoGebra para representar polígonos e figuras xeométricas respectando as medidas que se indicasen para eles.
13. Sitúa obxectos en soporte informático e na realidade nun determinado punto dun plano, sobre eixe cartesiano ou outros sistemas de referencia.
14. Debuxa figuras con base nun eixe de semetría dado e efectúa traslacións en función dun vector indicado.
15. Busca un número representado por un símbolo nunha operación.
16. Resolven e crea usando secuencias, bucles, repeticións, etc en xogos computacionais e identifica esas secuencias bucles e repeticións presentes na vida real.
17. Organiza grupos de datos en táboas calculando ademais a moda e a media e explicando que é o que estas representan.
18. Usa os xogos matemáticos individuais en formato dixital e físico para entrenar a súa perseverancia, confianza nas propias posibilidades e superación persoal.

6º nivel

.ESTÁNDARES MÍNIMOS ESIXIBLES

LINGUA GALEGA e CASTELÁ

LCB1.1.1. Emprega a lingua oral e axusta os rexistros lingüísticos segundo o grao de formalidade e a finalidade (académica, social e lúdica).

LCB1.1.2. Transmite as ideas con claridade, coherencia e corrección.

LCB1.1.4. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas participación respectuosa, adecuación á intervención da persoa interlocutora, papel de persoa moderadora e certas normas de cortesía.

LCB1.4.3. Interpreta o sentido dos elementos básicos do texto necesarios para a comprensión global (léxico, locucións).

LCB1.5.1. Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade nas expresións axeitadas para as

diferentes funcións da linguaxe.

LCB1.6.1. Identifica o tema e as ideas principais dun texto.

LCB1.8.1. Sigue instrucións dadas para levar a cabo actividades diversas.

LCB1.9.2. Recordaa algunhas ideas básicas despois de escoitar un texto e exprésaa oralmente en resposta a preguntas directas.

LCB2.1.1. Le en voz alta, con precisión, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con velocidade, fluidez e entoación adecuada.

LCB2.2.2. Comprende, con certo grado de detalle, diferentes tipos de textos atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos).

LCB2.4.4. Elabora esquemas a partir de textos expositivos.

LCB2.5.4. Realiza inferencias e formula hipóteses.

LCB2.5.5. Comprende a información contida nos gráficos, establecendo relacións coa información que aparece no texto relacionada con estes.

LCB2.5.6. Interpreta esquemas de chave, números, mapas conceptuais e sinxelos.

LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos propios do ámbito da vida cotiá, do ámbito escolar e social: diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, textos literarios, folletos informativos e literarios, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, regulamentos, receitas, instrucións, normas, solicitudes,

LCB3.1.2. Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesivas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.

LCB3.2.2. Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel.

LCB3.8.1. Usa con eficacia Internet e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información, crear táboas e gráficas.

LCB4.1.1. Identifica todas as categorías gramaticais pola súa función nalingua: presentar a nome, substituíra nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras ou oracións.

LCB4.2.5. Identifica as oracións como unidades de significado completo. Recoñece a oración simple, diferencia suxeito e predicado.

LCB4.4.2. Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.

LCB5.2.1. Realiza lecturas guiadas de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.

LCB5.4.1. Crea textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados utilizando recursos léxicos, sintácticos, fónicos e rítmicos en ditas producións.

MATEMÁTICAS

MTB1.4.2. Desenvolve e aplica estratexias de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios) para crear e investigar conxecturas e construír e defender argumentos.

MTB1.6.1. Realiza un proxecto, elabora e presenta un informe creando documentos dixitais propios (texto, presentación, imaxe, vídeo, son...), buscando, analizando e seleccionando a información relevante, utilizando a ferramenta tecnolóxica axeitada e compartindo cos seus compañeiros.

MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.

MTB2.2.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.

MTB2.2.2. Utiliza os números negativos en contextos reais.

MTB2.4.1. Coñece e aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 10.

MTB2.5.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.

MTB2.5.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo

equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.

MTB2.5.3. Estima e comproba resultados mediante diferentes estratexias.

MTB2.6.1. Calcula cadrados, cubos e potencias de base 10.

MTB2.6.2. Realiza sumas e restas de fracciónsco mesmo denominador. Calcula o produtodunha fracción por un número.

MTB2.6.3. Realiza operacións con números decimais.

MTB2.6.4. Aplica a xerarquía das operacións e os usos da paréntese.

MTB2.7.1. Calcula e utiliza as porcentaxesdunhacantidade para expresar partes.

MTB2.7.4. Usa a regra de tres en situacións de proporcionalidade directa: lei do dobre, triplo, metade, para resolver problemas da vida diaria.

MTB2.8.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números (naturais, enteiros, decimais e fraccións).

MTB2.8.11. Calcula tantos por cen en situaciónsreais.

MTB2.8.12. Elabora e empregaestratexias de cálculo mental.

MTB2.9.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidostraballados, empregandoestratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construindo, argumentando e tomando decisións valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.

MTB3.1.1. Estima lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes de obxectos e espazoscoñecidoselixindo a unidade e os instrumentos máisaxeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.

MTB3.1.2. Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidademáisaxeitada para a expresión dunha medida.

MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume en forma simple dando o resultado naunidade determinada de antemán.

MTB3.2.3. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.

MTB3.4.3. Resolve problemas utilizando as unidades de medida máisusuais, convertendounhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados nas unidades de medida máisaxeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido.

MTB4.2.2. Utiliza instrumentos de debuxo e ferramentastecnolóxicas para a construción e exploración de formas xeométricas.

MTB4.3.1. Calcula a área e o perímetro de: rectángulo, cadrado e triángulo.

MTB4.3.2. Aplica os conceptos de perímetro e superficie de figuras para a realización de cálculos sobre planos e espazosreais e para interpretar situacións da vida diaria.

MTB4.4.1. Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, raio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular.

MTB4.4.2. Calcula perímetro e área da circunferencia e do círculo.

MTB4.6.1 Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidostraballados, utilizando estratexias heurísticas de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.

MTB5.1.1. Identifica datos cualitativos e cuantitativos en situacións familiares.

MTB5.2.1. Recolle e clasifica datos cualitativos e cuantitativos de situacións do seu contorno, utilizándoos para construír táboas de frecuencias absolutas e relativas.

MTB5.2.3. Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi próximas.

MTB5.5.1. Resolve problemas que impliquen dominio dos contidos propios da estatística probabilidade, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios...), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as consecuencias destas e a conveniencia da súa utilización

TEMAS TRANSVERSAIS A TRABALLAR NAS AULAS

PROGRAMA CONVIVE:

PREVENCIÓN DA VIOLENCIA

- Nas primeiras semanas do curso realizarase no grupo un consenso sobre as normas de aula que quedarán representadas e visibles nunha zona da clase.
- Levaranse a cabo actividades de traballo en grupo, facendo un seguimento da evolución de cada neno/a como membro activo deste proceso.
- Celebración do día da Paz a nivel centro buscando unha interiorización do concepto a traballar
- Cumprir o descrito no Plan de Convivencia do centro e facer que sexa un documento útil, revisable e coñecido por toda a comunidade educativa.
- Traballo en patios dinámicos para favorecer o xogo colectivo sen rivalidade

PLAN DE IGUALDADE: IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES

- Emprego de recursos e material non sexista
- Faremos lecturas comentadas sobre a discriminación de xénero: contos clásicos, libros sobre a vida de mulleres famosas...
- Observaremos con atención a inclusión de nenos e nenas en calquera tipo de xogo ou deporte no patio.
- Participación equitativa nas actividades do centro

PROXECTO ECOLÓXICO : COIDADO DO MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Participar no programa de Voz Natura.
- Reciclar, empregando os colectores de papel e cartos e o dos plásticos, así como os composteiros situados en diversas zonas do patio.
- Darlle uso ao horto escolar, dedicando un tempo sistemático ao seu coidado e empregando este gran recurso escolar para a adquisición das distintas competencias básicas conectándoo coas actividades de aula.
- Potenciar no día a día o aproveitamento do material tanto propio como común (tapar ben os pegamentos, non estragar o papel, etc. formando así consumidores responsables no futuro.

- Colaboración de todos no aforro enerxético (non deixar as luces das aulas prendidas ao marchar, nin cando saímos ao patio ou a Educación física).
- Especial coidado ao entorno nas saídas escolares: CAMIÑAR SEN PEGADA

HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE:

- Nas reunións de inicio de curso coas familias, falar sobre O PLAN DE MERENDAS .
- Con respecto á celebración dos aniversarios (sempre voluntario, por suposto) incidir en que é mellor traer un biscoito ou tarta caseira e non repartir as típicas bolsas cargadas de chucharías.
- Valorar a participación no programa de “froita” e leite
- Achegar ao nenos a posibilidade de empregar na hora do recreo xogos que favorezan o movemento (cordas, gomas, xogos tradicionais...)
- Potenciar a hixiene e coidado persoal, co lavado de mans frecuente, co cambio de camiseta despois de facer Educación física a partir de 2º de primaria.
- Plan de Fomento da Actividade Física

CONCIENCIACIÓN SOCIAL-aprendizaxe-servizo

- Participar no Plan Proxecta “VOLUNTARIADO MIÚDO” no terceiro ciclo.
- Realización de pequenos proxectos co fin de mellorar a vida das persoas
- Colaborar con diversas asociacións: recollida de roupa,alimentos.....

INCLUSIÓN EDUCATIVA:

- Favoreceremos o traballo en equipo e a cooperación entre todos os membros.
- Concienciación da diversidade funcional e cognitiva
- Xornadas de deporte inclusivo.
- Patios dinámicos

- **Liñas xerais e atención á diversidade**

As accións previstas neste apartado atópanse no Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo centro.

- **Avaliación**

Para realizar a avaliación teremos en conta as características singulares do alumnado e o contexto sociocultural no que está enmarcado o centro.

A avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tomará como referente os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe fixados con carácter xeral, establecendo, para o alumnado que o requira, a adaptación das condicións de realización da avaliación, de forma que se garanta a obtención da información referente á aprendizaxe. Cando o alumnado teña autorizada unha adaptación curricular, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe serán os establecidos na dita adaptación.

Non podemos esquecer que o éxito escolar mídese polo grao de consecución das Competencias Básicas e que o esforzo para o desenvolvemento das mesmas corresponde a toda a comunidade educativa (profesorado, familias...) xa que se trata dunha tarefa compartida.

Atopámonos nun momento no que é tremendamente importante levar a cabo unha avaliación colexiada, consensuada e que nos permita obter toda a información precisa para regular os procesos de ensinanza-aprendizaxe. Para acadar unha coherencia no proceso, debemos tomar acordos vinculantes e compartidos.

EDUCACIÓN INFANTIL)

A avaliación dos nenos e nenas en educación infantil terá, como principal obxectivo, ofrecer información de como se está desenvolvendo o proceso educativo para unha intervención máis axeitada cara a mellora. Para iso, a avaliación debe explicar e describir os progresos que os nenos e nenas realizan e as dificultades coas que se encontran, así como as estratexias e recursos que se poñen en xogo en dito proceso. Isto permitirá o axuste progresivo da axuda pedagóxica ás súas características e necesidades particulares por parte dos profesionais da educación. De maneira concreta empregaremos os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

Procedementos	Instrumentos
Observación	Diario. Boletín informativo. Rexistro de cumprimento de normas. Ficha persoal.
Traballos de clase	Traballos individuais. Diálogos e conversas. Participación activa nas actividades. Individuais e colectivas.
Entrevistas coas familias	Cuestionarios. Rexistros.

EDUCACIÓN PRIMARIA)

En cada un dos ciclos , os titores/as realizarán unha avaliación inicial do alumnado que completarse coa análise dos datos e información recibidas do titor do curso anterior. Isto permitirá adoptar as medidas de reforzo e de recuperación para o alumnado que o precise, así como as decisións oportunas sobre a programación a elaborar.

Ao finalizar cada curso, o profesorado que imparte cada clase a cada grupo de alumnos, levará a cabo a avaliación final dos resultados acadados polo alumnado. A valoración dos resultados consignarase nos documentos de avaliación.

- Os docentes que imparten clase no curso deberán adoptar as medidas para que o cambio ao seguinte se leve a cabo coas garantías precisas de continuidade.
- As principais decisións, incluídas as de promoción e acordos adoptados, serán recollidas nas actas das sesión de avaliación de final de curso.
- A ponderación que se lle outorga a cada un dos instrumentos de avaliación empregados nas Programación Didácticas á hora de obter a cualificación final do alumnado, reflectarase nas Programacións en función dos niveis e especialidade, segundo o seguinte cadro pero establecendo as porcentaxes establecidas polos Equipos de Nivel e especialistas, anualmente.

<div style="background-color: #f4a460; padding: 5px; text-align: center;">% DA CUALIFICACIÓN</div>					
PROBAS ESCRITAS %		PROBAS ORAIS %		OBSERVACIÓN DIRECTA%	
Probas escritas de avaliación de contidos	%	Probas orais individuais	%	Rexistro anecdótico e rexistro de incidencias	%
Lista de control de tarefas escolares	%	Participación na clase	%		%
Caderno de clase e ordenador	%				
Proxectos e traballos	%				

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

- O alumnado promocionará ao ciclo ou etapa seguinte, sempre que se considere que ten superados os obxectivos mínimos das diferentes áreas, e teña acadado o grao de adquisición das competencias correspondentes.
- O alumnado que non superase os obxectivos do ciclo ou etapa ou que non acadase o grao de adquisición das competencias correspondentes, poderá repetir unha vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo, recuperación e apoio, que será organizado polo equipo docente correspondente.
- A decisión de non promoción, é unha medida excepcional e tomarase unha vez esgotadas o resto de medidas (reforzos, apoios), unha vez escoitada a opinión das familias.
- O equipo docente decidirá sobre a promoción do alumnado, tendo especial consideración a opinión do/a titor/a.
- No caso de que o alumno promocione con avaliación negativa nalgunha área, deberá establecerse un plan de actuación dirixido á mesma.

PLAN DE RECUPERACIÓN DO ALUMNADO

- Trátase de ofrecer a mellor axuda posible a un alumnado que se atopa nunha situación particular, ben por estar repetindo curso ou ben por promocionar con algunhas materias pendentes.
- No primeiro caso o alumnado non está no mesmo punto de partida cos seus compañeiros porque xa cursou o nivel. Terá adquiridos uns coñecementos determinados e terá que completalos cos que non adquiriu. Trátase de darlle máis tempo para chegar á meta, pero non de facerlle repetir o camino. O equipo docente debe coñecer este punto de partida, saber que sabe e que non sabe o alumno, posto que foi avaliado no seu momento. Tamén deberá avaliar o proceso seguido para intentar atopar outras vías alternativas que lle faciliten a consecución dos obxectivos propostos.
- No segundo caso, trátase dun alumnado que atópase en inferioridade de condicións que o resto dos seus compañeiros: aparte de enfrontarse ás dificultades dun nivel educativo superior, faino cun desfase curricular e competencial. Polo tanto, teremos que establecer o diagnóstico para elaborar un plan axeitado ás súas necesidades. Algunhas das materias non superadas terán continuidade no novo curso e, incluso, apoiaranse en coñecementos que tería que ter adquiridos. Outras materias perden vinculación e non teñen continuidade no novo nivel, polo que teremos que facer un plantexamento diferenciado para unhas e outras.

PARA O ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO CURSO

- Partiremos do grao de adquisición dos obxectivos, competencias e aprendizaxes imprescindibles.
- Trazaremos uns obxectivos prioritarios para cada alumno e unhas orientacións pedagóxicas, que formarán parte do plan individualizado.

PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONA CON ALGUNHA MATERIA PENDENTE

- Partiremos tamén do grao de adquisición de obxectivos e competencias, así como das aprendizaxes imprescindibles de cada área ou materia pendente de superación.
- Estableceremos un plan de traballo no que determinemos os coñecementos necesarios que deben ser adquiridos, as tarefas específicas e os espazos e tempos nos que se levarán a cabo. Determinaremos a responsabilidade de supervisión e os prazos para levala a cabo.

COORDINACIÓN ENTRE ETAPAS

- Basearémola, especialmente, na coordinación, e dicir, na toma de decisións conxuntas sobre aprendizaxes imprescindibles e a súa gradación por niveis.
- No noso centro realizarémolo a través da comisión de coordinación pedagóxica e, con respecto ao centro de adscrición, levarémola a cabo a través de reunións periódicas co equipo docente correspondente a 1o de ESO, así como co departamento de orientación.

9.-Organización do centro

- **Órganos de goberno**

Colexiados:

- **Claustro de Profesores**
- **Consello Escolar**
- **Equipo Directivo:** Directora-Xefa de Estudos-Secretario

Órganos de coordinación docente:

- Comisión de Coordinación Pedagógica
- Equipos de ciclo
- Equipo de dinamización da lingua galega
- Equipo de actividades complementarias e extraescolares.
- Equipo de Dinamización da Biblioteca.
- Equipo de Tics-
- Equipo de Polos Creativos
- Equipo de Plurilingüismo
- Coordinador de Edixgal
- Coordinadora de Benestar
- D. De Orientación

Persoal non docente:

- Conserxe.
- Administrativa
- Coidadora
- Limpiadoras.

- **Asociación de nais/pais**

ANPA Albor

• Documentos de planificación

O centro deberá organizar a súa actividade e desenvolver os principios, valores e obxectivos recollidos neste proxecto educativo. Os documentos de planificación nos que se desenvolverá o proxecto educativo serán:

1. A concreción do currículo :

Programacións Didácticas e de Aula que incluirán:

- Obxectivos, contidos, competencias básicas, estratexias metodolóxicas, estándares de aprendizaxe avaliáveis, criterios de avaliación, rúbricas.
- Plan de atención á diversidade.
- A educación en valores a través das distintas áreas.
- Os criterios de avaliación e promoción do alumnado.
- Medidas para o alumnado que permaneza un ano máis no curso.

2. O Proxecto Lingüístico do Centro.

3. O Plan de Convivencia Escolar.

4. O Plan de Saídas escolares.

5. A Programación Xeral Anual e a súa correspondente memoria.

6. O Proxecto Lector a súa concreción no Plan Lector.

7. As Normas de Organización e Funcionamento.

8. O Plan de Atención á Diversidade.

9. Plan de plurilingüismo

10. Plan de Comunicación

11. Plan de Xestión

12. Plan de Igualdade

13. Plan de Benestar

14. Plan de Actividades complementarias

15. Plan de actividade Física e hábitos saudables

16. Plan de Desenvolvemento Sostible

17. O Proxecto de Dinamización das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

- O Plan Dixital

18. O Plan de Acción Titorial.

19. Plan de Autoprotección.

20. Protocolo de acollida (tanto de profesorado como de alumnado de nova incorporación).

Ademais o centro poderá establecer dentro da Programación Xeral Anual e/ou a través de proxectos ou plans concretos a participación en programas de mellora da calidade educativa, programas internacionais e aquelas iniciativas que promovan unha mellora da práctica docente e educativa.

- Erasmus +
- Contratos Programa Incluí-t
- Contratos Programa Innova
- Proxecta +

- **Dinamizacións e outras funcións docentes**

Atendendo ás necesidades do alumnado, a Equipa Directiva, oído o Claustro, poderá asignar ao profesorado con horario lectivo dispoñible actividades como:

- Desdobre educativos
- Reforzo educativo
- Atención á diversidade.
- Atención específica de apoio ao alumnado estranxeiro e minorías étnicas.
- Apoio á educación infantil.

A Equipa Directiva, oído o Claustro, designará aos dinamizadores/as das dinamizacións específicas que se establezan na Programación Xeral Anual así como ao profesorado colaborador con horario lectivo dispoñible.

- Biblioteca
- Radio Escolar
- Benestar.
- EDLG
- Mellora da calidade educativa(INNOVA)
- Tics
- Extraescolares
- Voz Natura- Horto Escolar
- Polos Creativos-Stem
- Club Ciencias
- Edixgal
- Plurilingüismo
- Programas internacionais.
- Outras actividades análogas que se establezan na PXA.

- **Ensinanzas non obrigatorias**

As ensinanzas de educación musical e piscomotricidade, non obrigatorias na etapa de educación infantil serán impartidas polo profesorado especialista en ditas materias destinado no centro sendo os docentes (no caso de ser mais de un-unha) os encargados de facer a escolla do profesional que dará en E.Infantil previa consulta coa Xefatura de Estudos.

- **Servizos complementarios**

O centro conta con servizos complementarios de transporte e comedor escolar cuxos aspectos de organización e funcionamento atópanse desenvolto nas NOF e na PXA.

- **Actividades complementarias**

Son actividades que están integradas na actividade lectiva normal, e que se realizan con finalidade eminentemente pedagóxica, encamiñadas ao desenvolvemento das capacidades básicas do alumnado.

- Celebración da Festa de Outono -Magosto-Samaín -Halloween
- Celebración do Festival de Inverno e Festival de fin de curso
- Celebración do Día da Paz.
- Celebración do Entroido.
- Día do libro.
- Celebración das Letras Galegas.
- Elaboración e edición do Xornal Escolar.
- Conmemoracións establecidas polo calendario escolar
- Acto de despedida do alumnado de 6º Educación Primaria e das súas familias.
- Actividades de promoción da lectura: Club Lector e visitas escritores
- Plan de saídas escolares: saídas educativas dos diferentes niveis.
- Saídas ocasionais para participar en exposicións e/ou actividades didácticas que propoñen os distintos equipos do profesorado.
- Participación no programas do Concello :concertos didácticos, representacións teatrais, visitas aos Museos.Obradoiros,Rutas.....
- Roteiros medioambientais
- Roteiros pola Natureza e o entorno urbano

- **Actividades extraescolares**

O centro oferta, unha vez rematado o horario lectivo, unha serie de actividades lúdico- educativas, deportivas e culturais, encamiñadas a facer efectivos os principios xerais.

- Actividades realizaranse nas propias instalacións do centro xestionadas pola ANPA do centro.
- Servizo de biblioteca de 16 a 18 horas xestionado polo profesorado de garda
- Actividades realizadas por profesorado voluntario : Club Lectura alumnado e familias, Club de Ciencias e Obradoiro Musical con periodicidade quincenal de 16 a 17,30 horas.

10.-Avaliación e revisión do PE

O procedemento de avaliación incluírá unha serie de indicadores. Dos resultados anotaranse todas as alternativas que xurdan para a mellora do proxecto. A valoración realizarase ao inicio e á conclusión.

A revisión e actualización realizarase cada catro anos e, en todo caso, cando os cambios legislativos ou de xestión así o aconsellen.

INDICADORES PARA A VALORACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO

1. O PEC é un reflexo da identidade do centro.
2. O PEC responde ás necesidades do alumnado.
3. O PEC responde ás intencións educativas actuais.
4. O PEC é suficientemente coñecido pola comunidade educativa.

5. Os obxectivos son desexables

6. O documento do PEC respecta a estrutura proposta pola lexislación vixente.

7. A organización e funcionamento do centro está reflectido no PEC

8. É útil para prediseñar as actuacións que se realizan no centro.

9. É unha ferramenta de consulta e apoio.

10. Os Anexos están actualizados

11.-Anexos: Documentos de referencia

Este Proxecto Educativo de Centro referenciará tamén aos seguintes documentos de xestión e organización que se revisarán e actualizarán periódicamente.

- **PROGRAMACIÓNS DOCENTES(aplicación PROENS)**
- **PROXECTO DE XESTIÓN DE CENTRO**
- **NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA**
- **PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL E MEMORIA**
- **PDI**
- **PLAN DE CONVIVENCIA**
- **PROXECTO LECTOR**
- **PROXECTO LINGÜÍSTICO**
- **PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**
- **PLAN DE INTEGRACIÓN TIC- PLAN DIXITAL**
- **PLAN DE BENESTAR**
- **PLAN DE IGUALDADE**
- **PLAN DE ACOLLIDA**
- **PLAN DE COMUNICACIÓN**
- **PLAN DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE -ECOSOSTIBILIDADE**
- **PLAN DE ACTIVIDADE FÍSICA E HÁBITOS SAUDABLES**
- **PLAN DE ACCIÓN TITORIAL**
- **PLAN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E SAÍDAS ESCOLARES**
- **PLAN DE AUTOPROTECCIÓN**
- **PLAN PLURILINGÜE**
- **PROXECTO ERASMUS**

Proxecto de Educativo

Documento vivo suxeito a modificacións motivadas por actualizacións ou peticións de órganos colexiados.

O presente Proxecto Educativo de Centro foi revisado pola CCP e foi informado e avaliado positivamente polo Consello Escolar e o Claustro sendo aprobado o día 29 e 30 xuño do 2023

A Directora e Presidenta do Consello Escolar

Asdo M^aCarmenIglesiasIglesias